

Mariño Paz, Ramón / Damián Suárez Vázquez (2012): “Novos textos e primeiras edicións de textos do Prerrexurdimento ata o de agora esquecidos ou ignorados”, en R. Mariño Paz (ed.): *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 429-512.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

**NOVOS TEXTOS E
PRIMEIRAS EDICIÓNS
DE TEXTOS DO
PRERREXURDIMENTO ATA
O DE AGORA ESQUECIDOS
OU IGNORADOS**

Ramón Mariño Paz

Damián Suárez Vázquez

No verán do 2008, douscentos anos despois do inicio da *francesada*, o Consello da Cultura Galega publicou un volume titulado *Papés d'emprenta condenada* no que se integraron “todos os textos escritos en lingua galega entre 1797 e 1846 localizados ata o momento” (López García / Monteagudo 2008: 9). Soamente se excluíron del os vilancicos mindonienses compostos e cantados naquela época, por entender o equipo encargado da elaboración daquel traballo que estas pezas, pola súa singularidade e polos problemas específicos de composición e transmisión que presentan, esixían unha investigación particularizada que en moitos aspectos fora realizada xa por Carlos Villanueva. Os que laboramos nese proxecto propuxémonos ser exhaustivos na recolla de todo o que á altura do primeiro semestre de 2008 coñeciamos, mais, conscientes da práctica imposibilidade de pescudarmos en todo canto lugar puidese acubillar un esquecido texto galego dos inicios do XIX, proclamamos a través do limiar de López García e Monteagudo (2008: 8) que “nada nos satisfaría máis que [que] o peculio documental que ofrecemos se ampl[iase] con novas descubertas, o que constituiría unha gran noticia para a nosa cultura”. Felizmente, cando aínda non transcorreran máis ca tres anos desde o momento en que se publicaron os *Papés* de 2008, estamos xa en disposición de presentarlle ao público interesado, ademais dalgunhas novidades menores integradas na sección de “Frases, proverbios e versos soltos”, catorce textos non inseridos naquela obra e tres primeiras edicións que ata hai moi pouco ignorabamos. De dezaseis destas dezasete pezas podemos dicir con certeza que se escribiron e/ou publicaron entre 1797 e 1846. Da outra, que é un poema en estado fragmentario que do noso punto de vista se pode atribuír con garantías a Nicomedes Pastor Díaz, cremos que se pode afirmar con bastante seguranza que debeu de ser elaborado entre 1826 e 1828¹.

¹ Cómpre aclarar que neste traballo só acolleamos textos en galego publicados entre 1797 e 1846 ou manuscritos en galego elaborados entre eses dous anos pero non dados ao prelo nin durante ese período nin pouco despois de 1846. Desbotamos, por tanto, os textos publicados por primeira vez logo de 1846 que puideron ser escritos polos seus autores antes dese ano.

Dos catorce textos ata o de agora descoñecidos por nós son nada menos que oito os que se imprimiron no seu tempo, case todos en publicacións periódicas non galegas nas que era ben perceptible o seu gusto pola presentación de tipos e costumes populares e, nesta onda, pola inclusión de textos escritos nalgunha das variedades lingüísticas faladas no reino de España, que naquela altura tiñan por forza que estar nimbadas por unha aura rotunda e fundamentalmente popular. Na sevillana *El Tio Tremenda ó los Críticos del Malecon* viu a luz en 1813 unha carta absolutista supostamente enviada a Tremenda por un seu seguidor galego inflamado en contra dos afrancesados e das ideas revolucionarias que daquela estaban a chegar desde Francia. En abril de 1843 o xornal barcelonés *El Constitucional* acolleu unha gabanza en verso da soprano Caterina Mas i Porcell que supostamente fora escrita por un daqueles galegos que, aínda que vestidos “con sayo de estopa ou lán”, tiñan “à alma tan ven posta, / Como os que acô vesten frac”.

Na prensa madrileña da época atopamos tamén varias colaboracións en que o idioma galego se introduciu con similar estratexia. En 1835 o redactor do *Eco del Comercio* de Madrid acordou facerlle sitio nas súas páxinas a unha colaboración en galego non só por se sentir en sintonía coas ideas que nela se expoñían, senón tamén por “la novedad de estar puestas en el mas dulce de nuestros dialectos y en boca de un provinciano sencillo á la par que honrado y liberal”; nun dos traballos recompilados neste libro Xurxo Martínez González defende a hipótese de que o autor desta colaboración fose o demócrata republicano ribadense Vicente Álvarez Miranda. Na madrileña e liberal *Fray Gerundio (Periódico satírico, de política y costumbres)*, da que xa sabemos que acollera en 1842 a “Carta a un liberal” de Perico Botafumeiro (cf. Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 448-454), estampáronse tamén a “Carta de un gallego” de Míngos Mariño (1839), unha crónica en galego inserida na peza titulada “Las funciones, y el papel que hace Tirabeque” (1839) e outra cartiña galega máis incrustada nun artigo que levaba o título de “Lo que mas llena la boca”, de 1840². Certamente, no contexto histórico en que saíu á luz (de 1837 a 1843 e de 1848 a 1849), esta

² Así mesmo, no *Fray Gerundio* do 18 de xuño de 1839 publicouse unha carta en castrapo supostamente remitida á redacción do periódico por un maioral de segadores da provincia de Lugo. Dado que se trata dun texto que, non estando escrito en galego, presenta con certeza interese para os investigadores, decidimos presentalo en sección á parte, ao final deste traballo.

publicación madrileña salientou pola súa limitada pero interesante apertura á inclusión de textos redactados tanto en galego coma noutras linguas de España distintas do castelán.

Noutro papel periódico madrileño (*La Risa, Enciclopedia de Estravagancias*) apareceu o 19 de maio de 1844 a máis antiga edición coñecida do conto en verso de Juan Montero Telingue titulado *Rosa e Pascual*, que nos *Papés d'emprenta condenada* de 2008 só puidemos ofrecer a través dunha transcripción publicada en 1911 por Eugenio Carré Aldao. Por outra parte, da imprenta coruñesa de Antonio Rodríguez saíu en 1814 a primeira edición do romance de Manuel Pardo de Andrade titulado *Os servís e os liberás*, da que ata o ano 2010 non puidemos atopar ningún exemplar que se dera conservado. En terceiro lugar, presentamos tamén a que para nós é a edición orixinal da proclama “Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento” (ca. 1808-1809), hoxe conservada nun exemplar sen data nin pé de imprenta que pertence á Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela e do que nada soubemos ata xaneiro de 2011. Nestes tres casos, e como información destinada aos lectores interesados na investigación lingüística, decidimos indicar as variantes de lectura que ofrecen estas primeiras edicións respecto das que foron publicadas nos *Papés d'emprenta condenada (I)*. Ao igual que se fixo no volume do ano 2008, prescindimos nestas tres presentacións do cotexo das variantes relacionadas coa puntuación, co uso de maiúsculas e minúsculas e coa acentuación.

Quedan aínda por mencionar os textos en galego que se inseriron nun folleto con caracterizacións dos membros da corporación municipal da Habana de 1821 e noutro máis de semellantes características en que se presentaban os procuradores nas cortes españolas dos anos 1834, 1835 e 1836. Trátase dun xénero bastante cultivado naquela época do que xa ofrecemos unha mostra de 1821 nos *Papés d'emprenta condenada (I)*.

Finalmente, seis das novas pezas que agora presentamos son os manuscritos da época sobre a que pescudamos que afortunadamente chegaron ao noso coñecemento de finais do 2008 para acó. O máis antigo deles é unha composición en verso de 1807 que está depositada na colección Barreiro Fernández-López Morán e que vai dirixida contra don Andrés Gil Villaverde, cóengo da catedral de Santiago. Outros dous atópanse nun códice titulado orixinalmente *Poesias*.

*Autógrafos*³ que debeu de reunir unha persoa bastante activa durante a época do primeiro provincialismo mais non moi coñecida ata o de agora: Eugenio Reguera y Pardiñas (1806-1866). Dun destes dous poemas podemos afirmar con certeza que se trata da máis antiga composición de Juan Manuel Pintos ata o de agora rescatada⁴, pois data de novembro de 1842, mentres que do outro cremos que se pode dicir que é moi probable que se trate dun poema fragmentario de Nicomedes Pastor Díaz que ata hoxe permaneceu esquecido no códice elaborado polo laborioso Reguera. Outra destas novidades é un conxunto de tres composicións poéticas que, ambientadas nas terras ferrolás de Esmelle arredor do ano 1827, están adornadas dun interese histórico e dunha riqueza lingüística notables que neste volume son estudados polo noso colega Gonzalo Navaza, a quen debemos o desvelamento da identidade dun festivo cultivador do noso idioma ata o de agora descoñecido: Xosé María Fonte Montenegro, abade de San Xoán de Esmelle durante boa parte da primeira metade do século XIX. Finalmente, nesta entrega incorporamos tamén dous poemas datados en 1840 que se encontran na biblioteca da Real Academia Galega e que María Rosa Saurin de la Iglesia atribuíu a Antonio de la Iglesia, coñecido activista cultural galego da época do Rexurdimento.

Canto aos temas e xéneros abordados nas catorce composicións ata hoxe ignoradas por nós, nada hai nelas que represente unha novidade que nos esixa alterar a doutrina consagrada sobre as limitacións do cultivo escrito do galego durante as primeiras décadas do século XIX. Temos, por unha banda, cinco textos publicados fóra de Galicia en que a nosa lingua se confirma como arma propagandística utilizada na época ben a prol da causa absolutista, ben, con máis frecuencia, a favor da difusión do ideario liberal: a mensaxe implícita nos diálogos e cartas galegas inseridos na prensa sevillana e madrileña era a de que as clases populares de Galicia apoiaban o absolutismo ou, de ser o caso, o liberalismo. Das caracterizacións de concelleiros e procuradores saídas do prelo na Habana (1821) e mais en Madrid (1836) xa dixemos que se inscriben nun xénero do que xa coñecemos outro representante recollido nos *Papés* de 2008. A gabanza de Caterina

³ No catálogo dixital do Archivo Histórico Nacional aparece baixo o título de *Poesías varias en gallego y castellano* e co código “códices, l.1052” (cf. <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas/servlets/ControlServlet?accion=4&txt_accion_origen=2&txt_id_desc_ud=2610194>).

⁴ Dérona a coñecer recentemente Hermida Gullías (2010) e Xove Ferreiro (2009).

Mas inserida en *El Constitucional* de Barcelona en 1843 pode ser considerada como unha composición de circunstancias, elaborada co gallo da exitosa visita da dita soprano á cidade da Coruña. Xunto a isto, os seis manuscritos que aquí presentamos conteñen novas mostras de poesía satírica (o dirixido a Andrés Gil Villaverde), lírica (o fragmento que nós atribuímos a Pastor Díaz), humorística (os atribuídos a Antonio de la Iglesia), narrativa (a peza de Esmelle) ou de circunstancias (o poema escrito por Pintos co gallo do nacemento do seu segundo fillo). É obvio que de calquera destes subxéneros poderíamos mencionar outros representantes que si foron incluídos nos *Papés d'emprenta condenada* (I).

NORMAS DE EDICIÓN

Como é lóxico, mantemos neste traballo as normas de edición que se adoptaron para os *Papés d'emprenta condenada* dados a coñecer en 2008. As edicións que facemos son moi conservadoras, pois respectamos mesmo a puntuación, a unión e separación de palabras e o uso de maiúsculas e minúsculas nas fontes que transcribimos, con moi poucas excepcións que, en calquera caso, serán sempre advertidas. Os desenvolvementos de abreviaturas que realizamos van en letra itálica e entre corchetes. As letras, palabras ou signos de admiración e interrogación que faltan ou están borrados nos manuscritos ou orixinais transcritos pero que son necesarios para lle dar sentido ao texto puxémoslos en letra redonda e entre corchetes. Cando non nos foi posible restituír con seguranza a palabra ou palabras que ás veces faltan ou non se poden ler nos manuscritos ou nos impresos orixinais, indicamos esta circunstancia con puntos suspensivos entre corchetes. Entre ángulos (<>) sinalamos o inicio de cada páxina nos manuscritos ou nas edicións que transcribimos. No caso dos textos escritos ou editados a dobre columna, indicamos tamén o principio de cada unha delas, denominando <a> a primeira e a segunda. Así, <1> indicará o inicio da primeira páxina, <1a> o inicio da primeira columna da primeira páxina e <1b> o inicio da segunda columna da primeira páxina.

Agradecemoslle a Antón Santamarina as atinadas observacións que nos fixo a propósito dalgunhas pasaxes de diversos textos que resultaban particularmente escuras ou problemáticas. O seus consellos melloraron con toda a certeza as nosas edicións. Tamén agradecemos as atencións que con nós tiveron Nélida Cosme Abollo, do arquivo da Real Academia Galega, e Rosa María Saurin de la Iglesia.

Contra o cóengo D. Andrés Gil Villaverde, provisor da curia de Santiago e opositor á doutoralía do cabido (1807)

“Molesta pordiosería con que acometio en el paseo la viuda de Santa Marta al Señor Provisor para sacarle dos quartos, en el estilo acostumbrado de ridículas Adulaciones que emplea con todo género de personas, con que divierte a los que gustan del paseo de Santa Susana en las buenas tardes de los días festivos”⁵ (Colección Barreiro Fernández-López Morán). Ofrecemos aquí unha reprodución da edición que deste texto presenta Xosé Ramón Barreiro Fernández na súa contribución a este volume de estudos. Nese mesmo traballo atoparanse informacións e reflexións sobre este manuscrito, así como outro texto de 1805 escrito intencionalmente en portugués que debe coñecer tamén o lector.

	Viuda: Mi señor Opositor (si esto non é non ma de) ⁶ non me da unha limosna para pagar a pousada?		Provisor: Mujer perdone, no tengo no me avergüence la cara
5	Provisor: Llámeme ⁷ aunque sea burro que en Santiago así me llaman	15	Viuda: Pois señor Doctoral deixa ir asi sin nada a esta pobre Viudiña desde a semana pasada?
	Viuda: Cariña de rosa deama, ⁸ dea por a súa alma. ¡Canta cencia din que ten		Provisor: Vaya con dios embustera que aunque bruja ¹⁰ no me engaña
10	sua mercé ⁹ nesa cacha!	20	Viuda: Dea, que eu sei que pretende outra esposa, busté se ha engaña

⁵ Son dous os manuscritos que conteñen esta peza. Tras a abreviatura Ms. 2 ofreceranse as variantes de lectura do segundo de tales manuscritos. Ms. 2: “Molesta pordiosería con que acometio en el paseo la viuda de Santa Marta al tío Andrés Villaverde para sacarle dos quartos, en el estilo acostumbrado de ridículas adulaciones que emplea con todo género de personas, con que divierte en las buenas tardes de los días festivos a los aficionados al paseo de Santa Susana”.

⁶ Ms.2 *si esto no e nomeada*.

⁷ Ms.2 *Llámame*.

⁸ Ms.2 *Cariña de rosa dea*”.

⁹ Ms.2 *Merced*.

¹⁰ Ms.2 *bruja*.

	ben pode beixar no cu	30	no le doy siquiera blanca ¹⁵
	toda a xente prebendada ¹¹		Viuda: Pois Dios lle dea saud ¹⁶
	Provisor: Si la engaño prometo		tanta como ten na casa
	de darle ¹² un real de plata		o señor Lerin que seique
25	Viuda: Meu diamante! e non a merece		en marzo o rabo recacha
	busté, que en terras estrañas	35	E quen lle ten a culpa
	din que foi xuez furaño ¹³		se non o Pirillan que trata
	e quen lle vota a pranta? ¹⁴		de matar con un tiro dous
	Provisor: Ya por ser tan habladora		pombos? Dou o Demo a trampa ¹⁷ .

¹¹ Ms.2 *a toda a xente prebendada.*

¹² Ms.2 *de darla.*

¹³ Ms.2 *foraño.*

¹⁴ Ms.2 *e quen lle vota diante a prenta?*

¹⁵ Ms.2 *no le doy ni una blanca.*

¹⁶ Ms.2 *salúd.*

¹⁷ Ms.2 *E ningun lle ten a culpa/si ne o Prillan que trata/ de matar con un tiro dous / ponvos, do Demo a trampa.*

Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento (ca. 1808-1809)

Non coñecemos ata o de agora ningún exemplar da edición orixinal desta chamada á mobilización que circulou como folha impresa nos inicios da Guerra da Independencia, e só sabemos dela a través da versión que décadas despois da francesada se publicou en *Galicia. Revista Universal de este Reino*, núm. 16 (15/05/1861), p. 254. Esta foi, por tanto, a versión que ofrecemos aos lectores na colección de textos de entre 1797 e 1846 que reunimos baixo o título de *Papés d'emprenta condenada (I)* (2008). Felizmente, hoxe podemos presentar xa a transcripción do que con certeza semella un exemplar da devandita edición orixinal da folha, que se encontra na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (signatura RSE.PAP.VAR 7 25).

Trátase da derradeira páxina dun volume facticio en que, xunto a varios folletos de entre mediados do XVIII e mediados do XIX¹⁸, aparece esta peciña que, carente de data e de pé de imprenta, semella poder situarse pola súa tipografía no tempo da Guerra da Independencia. No seu estado actual, a folha mide 18 centímetros de longo por 15 de ancho e contén o poema disposto en dúas columnas de seis estrofas cada unha que se colocan por baixo do título, que vai centrado. É probable que este impreso fose cortado nalgún momento pola súa parte inferior, como parece desprenderse do feito de que o adorno vertical que separa as dúas columnas de texto apareza mutilado no seu extremo inferior e tamén da circunstancia de que a caixa de composición non estea centrada no papel, senón desprazada cara a abaixo. Así as cousas, podería pensarse que o corte se fixo porque no contexto bélico de 1808 ou 1809 alguén puido considerar que sería perigoso facer pública ostentación da imprenta en que se producira o pasquín. O volume que hoxe custodia a Universidade de Santiago de Compostela procede da Real Sociedad Económica de Amigos del País da mesma cidade, que foi fundada no ano de 1784.

A versión que agora damos a coñecer contén as seguintes variantes respecto da que en 1861 se imprimiu na *Galicia. Revista Universal de este Reino*¹⁹:

¹⁸ Trátase de dúas biografías, un tratado sobre a organización dos tribunais en España, outro tratado sobre matemáticas, varias comedias, un drama e algunhas cousas máis que se publicaron en cidades como Madrid, Barcelona, Santiago de Compostela, A Coruña, Sevilla, etc.

¹⁹ As referencias de liña remiten ás dos *Papés d'emprenta condenada (I)* (Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008, pp. 49-50). Lémbrese que non indicamos as variantes relacionadas coa puntuación, co uso de maiúsculas e minúsculas e coa acentuación.

Ls. 1-6: UN LABRADOR QUE FOY SARXENTO / Á OS SOLDADOS DO NOBO ALISTAMENTO. L. 7: *No hay*. L. 11: *bos*. L. 12: *Bagamundo*. L. 17: *Christianos*. L. 19: *diz, ó*. L. 21: *Pola Patria, é por el Rey*. L. 23: *Si eu*. L. 24: *bo lo*. L. 27: *bello*. L. 28: *catro estornudos*. L. 29: *deixareis*. L. 30: *Si*. L. 31: *Yde*. L. 32: *bos*. L. 35: *Salderán... bolbades*. L. 36: *traerbos*. L. 37: *gaytas*. L. 38: *Todas ás*. L. 40: *Todas ás Bellas*. L. 41: *darbos moytos vicos*. L. 44: *vale*. L. 45: *gardar á*. L. 46: *como*. L. 47: *Xá nó habrá*. L. 50: *moytos*. L. 51: *ventaxas*. L. 52: *proveyto... excuso*.

UN LABRADOR QUE FOY SARXENTO
Á OS SOLDADOS DO NOBO ALISTAMENTO

<a> No hay mozos, que relembrase,
Para sacudir en duro,
Das Mulleres, nin dos fillos,
Nin menos, dos Bois do xugo.
5 Líbrenos Dios, que bos pille
Ó Demo do Bagamundo,
Que rapa vidas, facendas,
Gando, é Cartos, todo xunto.
Ó piór do conto, mociños,
10 É, que de Francea, ó Verdugo,
En vez de Christianos, quere
Facérnos á todos, Turcos.
Por esto diz, ó meu Cura,
Todos apreten, ós puños,
15 Pola Patria, é por el Rey,
É morrer por Dios, con gusto.
Si eu fóra alá, meus queridos,
Por esta Cruz + bo lo xuro,
Con mil cabezas francesas,
20 Habia de vir, moy rufo.
Esto con ser xá, tan bello;
Mais vos, con catro estornudos,
Non deixareis, un Gabacho,
Si poñedes ben, os puntos.

25 Yde á Guerra, meus Garridos,
Dios bos axude, meus rulos,
É aquel Patron das Españas,
Que ten, ó pelo moy rubio.
Salderán, cando bolbades,
30 Para traerbos, en trunfo,
Con gaytas, é con Ferreñas,
Todas ás mozas de rumbo.
Verédes, como se botan,
Todas ás Bellas de bruzos,
35 Para darbos moytos vicos,
Por pés, por pernas, é muslos.
Cada Escarapela, vosa.
Dirán que vale un Escudo,
É para gardar á Casa,
40 Tanto como un bón trabuco.
Xá nó habrá Casamento,
Nás Aldeas de este Mundo,
Que non sexa para ó Mozo,
Que gastou moytos cartuchos.
45 Estas, con outras ventaxas,
De honra, é proveyto, que excuso
Nomealas, vos trahe, Amigos
Sacar á Patria de apuros.

UN LABRADOR QUE FOY SARXENTO

Á OS SOLDADOS DO NOBO ALISTAMENTO

No hay mozos, que relembrarse,
Para sacudir en duro,
Das Mulleres, nin dos fillos,
Nin menos, dos Bois do xugo.

Librenos Dios, que vos pille
Ó Demo do Bagamundo,
Que rapa vidas, facendas,
Gando, é Cartos, todo xunto.

Ó peor do conto, mociños,
É, que de Francea, ó Verdugo,
En vez de Christianos, quere
Facérnos á todos, Turcos.

Por estó diz, ó meu Cura,
Todos apreten, ós puños,
Pola Patria, é por el Rey,
É morrer por Dios, con gusto.

Si eu fóra alá, meus queridos,
Por esta Cruz ✕ bo lo xuro,
Con mil cabezas francesas,
Había de vir, moy rufo.

Esto con ser xá, tan bello;
Mais vos, con catro estornudos,
Non deixareis, un Gabacho,
Si poñedes ben, os puntos.

Yde á Guerra, meus Garridos,
Dios vos axude, meus rulos,
É aquel Patron das Españas,
Que ten, ó pelo moy rubio.

Salderán, cando bolbades,
Para traerbos, en triunfo,
Con gaytas, é con Ferreñas,
Todas ás mozas de rumbo.

Verédes, como se botan,
Todas ás Bellas de bruzos,
Para darbos moytos vicos,
Por pés, por pernas, é muslos.

Cada Escarapela, vosa.
Dirán que vale un Escudo,
É para gardar á Casa,
Tanto como un bón trabuco.

Xá nó habrá Casamento,
Nás Aldeas de este Mundo,
Que non sexa para ó Mozo,
Que gastou moytos cartuchos.

Estas, con outras ventaxas,
De honra, é proveyto, que excuso
Nomealas, vos trahe, Amigos
Sacar á Patria de apuros.

O Tío Tremenda (1813)

A que a seguir transcribimos é unha carta absolutista publicada na revista sevillana *El Tío Tremenda ó los Críticos del Malecon*, nº 80 (Sevilla, Imprenta de las Herederas de Sobrino, 1813). Salienta nela o rexeitamento das ideas da Revolución Francesa e dos afrancesados que as difundiran e estaban a difundir por España.

Para nós, o texto é interesante polo menos por dúas razóns: en primeiro lugar, porque amosa que o xénero das tertulias entre personaxes populares con intención propagandística se cultivaba tamén fóra de Galicia e, ademais, porque presenta o tío Tremenda desempeñando a función de tradutor e glosador para os seus compadres das ideas expresadas na carta absolutista enviada a Sevilla desde Galicia.

El Tío Tremenda ó los Críticos del Malecon foi unha publicación sevillana da que saíron un total de 125 números: 101 entre 1812 e 1814 e 24 máis ao longo de 1823. Continuación deste periódico foi *La Tía Norica ó los Críticos del Malecon*, do que chegaron a publicarse, polo que sabemos, 38 números entre 1814 e 1815. O seu director foi o avogado absolutista e carlista José María del Río y Mairena, nacido en Sanlúcar de Barrameda en 1771.

<1> EL TIO TREMENDA, O LOS CRITICOS DEL MALECON.

Tremenda. Entre paréntesis, y paa confirmacion de lo que ixé ayer tarde sobre la estimacion que jacen de nosotros y de nuestra opinion en toas las Provincias d[e]²⁰ España, voy à leerles à ustees esta cartita que acabo de recibir de una zudía mu lejisimo de aqui.

5 *Castaña.* ¿Es de Tomasillo el Portuguesiño? ó de Ambrosio el.....

Tremenda. Es de quien la escribí, y vamos à su contenío. Esa es muncha curiosiaa; y aqui à lo que se convía es à oír la carta.

Castaña. Perdone uste, Maestro, que yo no lo igo por mal: lea uste allá, y mas que sea de Juan de la Encina.

²⁰ No impreso, *ds*.

10 *Tremenda*. “Señor Maestro Lorenzo: admirárase vosté de que haja por acá tamen da jentiña liberal: ¿pois non havia de haver? ¿En que pais faltan necios é tunantes? Non nos admiramos nosoutros que nunha terra tan abundante, é en tan grande ciudá coma esa, falten os segundos. ¿Pro necios en Sevilla! En esa patria dos ingenios, que deron mais honor à España!

15 Puedes famoso Bétis dignamente
 Al Mincio, al Arno, al Tibre aventajarte,
 Y alzar contento la sagrada frente,
 Y en nuevos anchos senos dilatarte;
 Pues quiso el cielo, que tu bien consiente,
20 Tal gloria, tal honor, tal fama darte.

Cervantes.

¿Oh! si esta peste da razon nos collera naquelles tempos das suas glorias é d[e] toda [a] monarquía española²¹! Non faltarian Monipodios, Repolidos, Maniferros, Chi quiznaques no pueblo baixo; ¿pro atreverianse à <2> leblantar à crista esos *foronziños*
25 que andan por ahi botando de escritores prúbicos, diante da aquelles jigantes da litratura divina é humana, da doutrina dó chiste é da gracia? No divino *Rancio*, é no famoso *Tremenda* vemos unha mostra do que digo. Pro quedaron por desgracia reducidos tantos ingenios Sevillanos à estos dous? Todo vai acabado. Pro sabe vosté, que ainda esto é unha providencia de Dios, é que si reynáran as ciencias é artes
30 nesa ciudá, coma naquelles tempos, é segun à desgraciada propenson dos homes, deran por ó malo, que os ingenios Sevillanos habian de deixar moi atras os sofistas franceses, à quen imitamos con tanta puerilidá é ba[ije]za²²? Os franceses deixaron à Andalucía, é as Castillas, é espero que non duren moito dó Ebro pra lá; ¿pro cando nos sacudirémos das doutrinas con que nos están afrancesando desde os tempos de
35 Carlos III? A todos esos fachendas de Marengo, Austerlitz é Jena, con todos os seus morriones, coirazas é barbazas os houveramos do principio botado à *paus*, como fijeron os gallegos con Ney ó Soult, se non foran estes afrancesadiños, que de mil

²¹ No impreso, *da toda monarquía española*.

²² No impreso, *bajeiza*, talvez por mal coñecemento do galego por parte dalgunha das persoas que interviñeron na publicación deste texto en Sevilla.

- maneiras os deseaban, os ayudaron é sostiveron; é unos se marcharon con eles, é outros se quedaron à usma facendo à gata morta.
- 40 Se por alá houvera chegado ó periódico intitulado *Correo da Comision*²³, especialmente ó número 35, veria vosté que conocemos ben à enfermidad ::: Vamoslle dando, que à causa non pode ser mellor, à gloria ainda *no humano* ha de correr mais alá das nosas vidas; é os enemigos con quen as havemos, se non fora po lo mal que fan, non merecian que home, que se lle entende algo de manejo de
- 45 pruma, se baixase à contestarlles. Non se contente vosté con escribir; inframe os bos Sevillanos, pra que algun dia poida dicir noso Fernando à esa ilustre ciudá (como esperamos na divina misericordia) NO-MADEJA-DO²⁴.
- <3> Vosté pode contar coa boa vontade, é pasion de estos amigos daquende pra con todos os cooperadores d'allende, que estamos prontos ó seu mandar, como
- 50 afeutísimos Q. S. M. B. = O. E. D. E.”
- Castaña.* Mu graciosa está la carta, pero algunas cosillas tiene que me se han escapao por alto. ¿Que querrá icir foronziños?
- Tremenda.* Foronzinos quie icir chapuceros; estos aprendices de escritores, que asina que golieron la libertá de escrebir, creyeron que era lo mesmo conceer facultá de
- 55 escrebir, que tener talento y habeliaa paa el asunto; y à salga lo que salgare nos estan apestando los ojos, los oíos y el corazon con tantísimas simplezas y borricaaas, y heregías y blasfemias como han gomitao las prensas.
- Podrio.* De quando en quando ice la carta *pro*: ¿qué senificará esto?
- Tremenda.* *Pro* senifica *pero*.
- 60 *Cascaron.* ¿Y aquello que dice botado à *paus*?
- Tremenda.* Eso quie icir arrojaio à palos, ó á trancazos. Y no ice mas que la verdá pura. Los españoles se hubieran sacuío de franceses con palos ó con escobas, si no hubiéramos tenío tantísimos pícaros paisanos que hubiesen ayuao y jecho la causa de aquellos indinos. Por fas ó por nefas; por error de entendimiento, ó por
- 65 maldá del corazon, es lo cierto que los infames, apóstatas, infieles y perversos españoles han tenio la mita de la culpa de toito lo que hemos pasao, de lo que

²³ Refírese ao absolutista *Correo de la Comisión Provincial de Santiago*, que se publicou durante os anos 1811 e 1812.

²⁴ NO-MADEJA-DO (NO8DO) ‘no me ha dejado’ é o lema da cidade de Sevilla, onde pode lerse en numerosos edificios.

hemos perdío, y de lo que tenemos en toavía que aguantar antes que la cuerda se ponga en tono. Que señalen los franceses una época en la historia, en que hayan insultao de valde à los españoles. No igo yo los franceses; pero los Romanos, que en
70 menos de diez años se jicieron dueños de medio mundo, quando la dieron con España, tuvieron que estar arañando cerca de 200 años; y sí las Provincias no <4> hubieran guerreao por separaas, milagrito sería que se hubiesen ellos llevao la novia. ¡Quando habian los arrastraos gabachos de pensar colar en España jasta las columnas de Hércules, si el Leon de España no hubiera estao amarrao! Pues si estando asina
75 sujeto, en un esperezo que dió en Baylén, por poco se traga jasta la tierra que pisaban los Marengos y invencibles; si no hubieran entrao con la perfidia que entraron, y si no hubieran jallao tantos errores de entendimientos y corrupciones de corazon, ¿no habian ellos de haber dao al diablo la burla? ¡Y sin embargo de esto, indulto general! Demonios paa ellos y paa toos sus sequaces.

80 *Castaña*. Compadre, ¿y aquello que ice ainda *no humano*?

Tremenda. Ice que la causa que sostenemos los hombres de bien no puede ser mas justa; y que la gloria ó el honor, aun en lo humano, ha de correr mas allá de nues tras vidas. Esta sastifacion es el primer premio de los hombres de bien: los pícaros ni aca, ni alla, ni po el camino encuentran mas sastifacion que la de vivir
85 isgustaos, morir rabiando, y zambullirse en los infiernos, por mas que no lo hayan creío. Ultimamente añae, que si no fuera por el daño que causan esos tunantes, no merecian que un hombre de juicio se tomase el trabajo de rebatirlos; porque son mas dinos de esprecio, que de entrar con ellos en contestaciones racionales: acuérdense ustees de lo que tantas veces he icho yo, sobre que con
90 estos truchimanes no se habia de usar otra contestacion que la chulería y el acibuche. Mañana tratarémos otra cosita mu güena.

Epidemia. Naita se ha é tratar jasta concluir un punto que queó pendiente dias pasaos sobre la libertá; y yo pongo el bolo jasta egnacuarlo.

IMPRESA DE LAS HEREDERAS DE PADRINO. AÑO DE 1813.

O Tanguero [Manuel Pardo de Andrade] (12/3/1814):***Os servís e os liberás***

O 12 de de marzo de 1814 e baixo o pseudónimo d'O Tanguero, o liberal Manuel Pardo de Andrade publicou na Coruña unha composición poética antiabsolutista que titulou *Os servís e os liberás: Romance en gallego Os servís e os liberás ou sexa Os odinotes e os constitucionás*. Por O Tanguero (Coruña: En la oficina de Don Antonio Rodriguez, 1814). Sabiamos da existencia desta publicación por unha nota con correccións de varios erros advertidos nela que se inserira en *El Ciudadano por la Constitución* do 31 de marzo de 1814, mais o certo é que non fomos quen de localizar ningún exemplar que puidésemos integrar na colección de textos da época que agrupamos baixo o rótulo de *Papés d'emprenta condenada (I)* (2008), na que optamos por transcribir a edición con tradución libre ao castelán dada ao prelo en Madrid en 1820: *Los serviles y liberales. Romance en gallego y castellano*. [Madrid]: Imprenta de Vega y Compañía, 1820. Afortunadamente, durante o ano 2009 atopamos un exemplar da primeira edición deste romance na Biblioteca Nacional de Madrid, onde leva a signatura V.E. 628-60. Este é o texto que deseguido editamos, que contén as seguintes variantes respecto da edición bilingüe de 1820²⁵:

Ls. 1-2: ROMANCE EN GALLEGO / OS SERVÍS E OS LIBERÁS / OU SEXA / OS ODINOTES E OS CONSTITUCIONÁS. / Por O Tanguero. / Coruña 12 de marzo de 1814. L. 8: *cháu*. L. 12: *fatiga*. L. 18: *Qne*. L. 22: *Quixese*. Mentres que na segunda edición (Madrid, 1820) se utiliza <x^> para representar o fonema fricativo prepalatal xordo, na primeira (A Coruña, 1814) emprégase sempre <x>; de aquí en diante non sinalaremos xa esta variante gráfica nos casos en que se dea. L. 27: *¡mal pecadiños!*. L. 36: *tal*. L. 39: *se*. L. 40: *fui*. L. 47: *conoceron*. L. 49: *mencina*. L. 60: *dispertar*. L. 62: *Escaparanos*. L. 64: *puderon*. L. 72: *gando*. L. 83: *ay*. L. 92: *grau*. L. 132: *Eacultades*. L. 143: *Nua*. L. 145: *tera*. L. 157: *Honrounos*. L. 160: *distinguiron*. L. 176: *Como sea*. L. 214: *paus*. L. 223: *ua*.

²⁵ As referencias de liña remiten ás dos *Papés d'emprenta condenada (I)* (Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008, pp. 209-223). Lémbrese que non indicamos as variantes relacionadas coa puntuación, co uso de maiúsculas e minúsculas e coa acentuación.

L. 252: *á metade*. L. 261: *Embestirvos, e chamarvos*. L. 265: *Pois e*. L. 292: *gras*. L. 301: *Engullan*. L. 303: *non*. L. 313: *a digan [...] cociñeiras*. L. 317: *cobren*. L. 318: *á seus irmás*. L. 320: *Inganar*. L. 323: *Tamen no son*. L. 325: *Ua sobervia*. L. 329: *Odinotes*. L. 333: *Con que*. L. 338: *cardenales*. L. 339: *Arguelles*. L. 341: *destingueu*. L. 352: *Ua*. L. 362: *Arguelles*. L. 368: *do seu*. L. 376: *E a*. L. 380: *E en servís*.

A corrección de erros a que anteriormente fixemos referencia dicía o seguinte:

Señor editor: en el Ciudadano de 17 de marzo anunció vmd. la venta de un romance en gallego, titulado *Os servís e os liberás*, que he comprado y leído. Como nacido en la provincia observé las erratas de imprenta que en él se notan, y son: pág. 4 estrofa 3ª lin. 10, *tal*, en vez de *tas*. En la misma página lin. 25 *mencina* por *menciña*. En la pág. 5 lin. 5 *escaparanos* por *escapáronos*. Hai algunas faltas de acento y dicciones juntas, que debieran separarse, como en la pág. 9 lin 10, *como sea ley*; debiendo separar la particula *se* de la *a*, *se a*. El poco uso que se hace de este idioma en la imprenta hace disimulables estas ligeras faltas; que su autor no llevará á mal advierta:mientras las gracias y facilidad con que versifica me mueven á hacerle en el mismo idioma un elogio, en el siguiente [soneto]. (*El Ciudadano por la Constitución*, 31 de marzo de 1814).

Como é lóxico, nesta nosa transcripción da edición de 1814 incorporamos estas catro correccións.

<1> ROMANCE EN GALLEGO
OS SERVÍS E OS LIBERÁS
OU SEXA
OS ODINOTES E OS CONSTITUCIONÁS.
Por O Tanguero.

Coruña 12 de marzo de 1814

En la oficina de Don Antonio Rodriguez.

<2> <3> Palurdos que vos vestides,	Este tempo comenzou
Como eu, de sayo de lá,	Na era da liberdade;
Polainas, zocos, monteira,	(Cuitado dó omé que antes
E un bó baloco na man:	20 Quixese falar verdades.)
5 Labradores, que regades	Duques, condes é marqueses,
Coa vosa suór o cháu ²⁶ ,	Obispos, curas, é frades
Mentras a sombra sosega	Eran os donos da terra
Repantigado o abad.	E os señores dos lugares.
Omes de artes, que ganades	25 <4> Nosoutros ¡mal pecadiños!
10 Con moita fatiga o pan,	Nas nosas necesidás
Que a traicion comen nas vilas	Morriamos, como porcos,
Ruando mil folgazás:	E tiñamos que calár.
Escuitademe, e direivos	Mandaban o reino todo;
Vocabros, que á novedá	30 E gobernaron tan mal,
15 Meteu na terra, despois	Que o frances véu, e levóu
Q[u]e ²⁷ a xente pode falar:	O rey á cautividá.

²⁶ Na edición bilingüe de 1820 lese *chán* (l. 8), como tamén *gran* (l. 92) alí onde o texto publicado en 1814 di *cháu e grau*. Con todo, conste que no impreso de 1814 hai unha confusión indubitable de <n> por <u>: *Qne* (v. 16).

²⁷ No impreso de 1814, *Qne*.

Chamaron á o pobre entonces,
Porque solo en casos ta[s]²⁸
35 Se acordan del; finalmente
Recobrouse á libertade.
Pero, se fixo o milagro
A nacion, fúí porque en *Cáiz*
As Cortes, que nos nomamos,
40 Meteron na cousa á man.
Eran omes de canteira
Muitos de eles, anque os mais
Inorabanse na terra,
Por falta de autoridá.
45 Como destros, conoceron
De donde proviña o mal,
E apricaron a menci[n]a²⁹
Da ley constitucional.
O pobro, todo abatido,
50 Coas leises da libertá
Cobrou alento, e guerreou
Para podelas gozar.
<5> Foronse os *Lidós* a Francia,
Falandolles por detrás
55 Ingreses e portugueses,
Gallegos e castillás.
Muitos quedaron na dorma,
Para non despertar mais;
Outros de millores pernas
60 Escap[á]r[o]nos³⁰ das mas.

(Malas novas vayan de eles:
Ben nos puderon librar
De tanto bribon que queda
Agachado por aca.)
65 A xente cando os veu fora
Pensou de quedar en pas,
E que a nova ley seria
Da terra a felicidadá.
Mais, o deño que non dorme,
70 Solta o gando do corrál,
E comenzan á turrarse
Os servís e os liberás.
Vede aquí novos vocabros
Que vos quixera espricar,
75 Para que non trabuquedes
A mentira coa verdáde.
Pero se o meu crego sabe
Esta obra de caridá,
Aposto que me escolmulga: ...
80 Conta, pois, con non falar.
<6> Omes ay entre nosoutros
Que dicen ter cristiandá
E rabian o ver que a ley
Nos quitou de ser vilás.
85 Quixeran que o Labrador
Sempre coa pucha na man
Rispetase como á dioses
Ao escribano, áo xuez, e áo abade.

²⁸ No impreso de 1814, *tal*, corrixido para *tas* na nota de *El Ciudadano por la Constitucion* do 31-3-1814.

²⁹ No impreso de 1814, *mencina*, corrixido para *menciña* na nota de *El Ciudadano por la Constitucion* do 31-3-1814.

³⁰ No impreso de 1814, *Escaparanos*, corrixido para *Escapáronos* na nota de *El Ciudadano por la Constitucion* do 31-3-1814.

Que sufrise fames bravas,
 90 Prontos á quitarlle o grau,
 Ovos, polas, é inda os fillos
 Despois que os pudo criar.
 Non quixeran que tovese
 Cencia nin autoridade,
 95 Para poder bourar nél
 Como en besta de alquilar.
 Non curan de que ao soldado
 Que a terra á defender vai,
 Lle falte abrigo é sostento,
 100 Sempre que eles teñan pan.
 Como pasen boá vida
 O conde, o xuez, o abade,
 E o canonigo, os demais
 Morran de necesidade.
 105 Us traballan, e non comen;
 E os outros, sin traballar,
 Régalanse como reises
 Coa suor de seus irmas;
 <7> Non faltaron omes bos
 110 Alo na xunta de *Cáiz*
 Que vendo o mal que sufrimos
 Trataron de o remediar.
 Para que todos vivisen,
 Era xusto e natural
 115 Non quitarlle ao pobre o seu,
 E manter áo militar.
 Xusto era tamen áo pobre
 Que ganou á libertade,

Quitalo da escravitude
 120 En que o tiñan os sultás.
 E fui por eso que as Cortes
 Acordaron de crerar,
 Que os pobres non eran servos
 De ningún particular.
 125 Quitaron pois os trabucos
 Do censo dominical,
 E as luitosas, tiranía
 A mais barbara e fatal.
 Deronlles por lei á os pobros
 130 [F]acultades³¹ de nomar
 Alcaldes que os gobernasen
 Con xusticia é con verdade.
 Tamen quitaron da terra
 Aquel negro tribunal
 135 Donde co nome de Dios
 Facian tanta maldá.
 <8> Ali á sombra do secreto
 O que nos quixese mal,
 Vengarse de nos podía
 140 Hasta facernos queimar.
 Nua palabra: volveron
 A xusticia e á verdade
 A ter[r]a³², que orfa, xemía
 Baixo ó mando dos sultás.
 145 E vendo que eran da patria
 Graves as necesidás,
 Hasta das dietas deixaron
 Muitos de eles á mitá.

³¹ No impreso de 1814, *Eacultades*.

³² No impreso de 1814, *tera*.

Entre estos tamen habia
150 Cregos de gran cristiandade,
Cabaleiros; pois non todos
Fuxen de ver as verdades.
A xente que de estos omes
Véu a xenerosidade
155 Honrounos como debia
Co nome de *liberás*.
Son pois liberás aqueles
Que se distinguiron mais
No amor do pobro, e trataron
160 Da comun felicidadá.
Outros oubo que non foron
De este modo de pensar,
Opoñéndose a que o pobro
Gozase de libertade.
165 <9> Dixeron que era de España
O rei señor natural,
Que eran seus servos os pobros
Que el solo debía mandar.
Que os grandes e obispos eran
170 Os señores do lugar,
E que debemos pagarlles
O vasallaxe feudal.
Laudaron a inquisicion,
Como [se a]³³ lei da verdade,
175 Igualmente que a mentira
Da forza necesitase.
Querian pois, que a luitosa,
A casa moura, e demais
Abusos de antes quedasen,

180 Sin facer mais novidade.
Por querer áo pobro servo
Chamaron *servís* á os tás;
E vedes ben craramente
Que o nome non lles ven mal.
185 Cando, pois, alguen nas Cortes
Propoñia de quitar
As cargas que sofre o pobro,
Tiñano por liberal.
Asi chamaron tamen
190 A aqueles que a libertade
Sostoveron de iscribir
As cousas de utilidade.
<10> Esta puxo en descuberto,
E mostrou con craridá
195 Verdades que non puderon
Antes os omes falár.
Viron entonces perdida
A sua antiga autoridade
Os *servís*, e comenzou
200 A guerra cos *liberás*.
... Vede aqui de estes vocabros,
Que tanto dan que falar,
A orixe, e vede tamen
Porque se levan tan mal.
205 Iscriben us contra os outros:
Papés ven, é papes van:
A xente leos, e rise,
Pero inda pode chorar.
Pois asi como as mulleres
210 Da lingua pasan as mas

³³ No impreso de 1814, *sea*, corrixido para *se a* na nota de *El Ciudadano por la Constitución* do 31-3-1814.

Poden da guerra de pruma
 A paus de morte pasar.
 Se non foran os da bulla
 Nossos parentes é irmás,
 215 E españoles como nos,
 Que se fosen a escardar.
 Que o que ten á lingua aguda
 Como dice aquel refran
 Debe ter dura a costilla
 220 Para podelos levar.
 <11> Mais toda a canalla e ua,
 Pero a razon non e igual:
 Us queren o ben do pobro
 Outros o seu, é non mais.
 225 Se á xente de roupa negra
 De estameña e de sayal,
 E a os da curia preguntades
 ¿O que son os *liberás*?
 Diravos, que son xudios,
 230 Irexes e luterás,
 Framasós, e xacobinos
 E outras muitas cousas mais.
 Mas se logo preguntades
 ¿Qué cousas son as que fan
 235 E que articro de fé negan?
 Non vos saben contestar:
 E solo dirán que intentan
 Coa relixion acabar,
 E coa igrexa, pois pretenden
 240 Meterse no seu caudal.
 Pero se lles contestades:
 Non e reino temporal
 O reino de Xesucristo:
 Comenzan a desbarrar.

245 Dican que os reises lles deron
 Dos seus bes á propiedá,
 E que non pode a nacion
 O que o rei lles dou quitar.
 <12> Se lles facedes presente
 250 Que ben lles basta á metade
 Do que teñen; que o soldado
 Morre de necesidade:
 Diravos que pagan eles
 A prorrata cos demais,
 255 Como se tuveran fillos
 E muller que alimentar.
 Veredelos como feras
 Querer con ollos é mas
 Embestirvos, e chamarvos
 260 Por ultimo *liberás*.
 ¿E porque?... Vos non falades
 Mais que dos bés temporás:
 Pois e por eso, que chaman
 Xacobinos áos demais.
 265 Eles queren ser señores
 E non queren ser iguas
 Aos outros, anque predicán
 A virtu da caridade.
 Se a nosa Constitucion
 270 Alabades a un curial,
 Veredes, como se pon
 Mais emperrado que un cán.
 Diravos, que as novas leises
 Son obra de Satanas
 275 Que se van adiante, logo
 A terra se perderá.
 <13> ¿E sabedes porque o dice?
 Porque non pode roubar

A os que na conciliacion,
280 Pon un bon alcalde en pas.
Os liberás dos servís
Non dicen tantas ruindás:
Gastan razon, non afrontas,
E gardan urbanidade.
285 Algos hai que son chanceiros,
E con oportunidade
Chaman aos servís pancistas,
E hipocritas, e non mais.
Pancistas, porque os mais deles
290 Solen ser gras barrigás
E un embuchado de polas,
Xamós e ovos reás.
Pancistas, porque non teñen
Apego nin caridade
295 Que ao ventre devorador
Das suas pingues dignidades.
Pancistas, pois, recostados
Nas poltronas os larchas,
Engull[e]n³⁴, como raposos
300 As galiñas do lugar.
Porque a panza non lles fuxa
Acostuman a levar
Ua faixa ou cordon floxo
Sobre da roupa talar.
305 <14> (Aposto, que xa vosoutros
Dires ó velos pasar:
Parece de panzacola
Aquel ome que ali vai.)
Hipocritas, pois predicán

310 Penitencia, e a que eles fán,
Que a digan as cocíneiras,
Porque as amas calarán.
Hipocritas, porque chaman
Libertinos aos demais,
315 E cobren os seus defeutos
Infamando á seus irmás.
Hipocritas, porque queren
Inganar á cristiandá
Invocando á relixion
320 Se lles quitan un rial.
Tamen no son, porque esconden
Co habito de humildade
Ua sobervia do demo,
E un grande apego ao metal.
325 Pero xa non son pancistas
Nin hipocritas os tás;
Son *Odinotes*, e ansina,
Os debes de chamár.
O vocabro e tamen novo
330 O mesmo que á falsedade
Con que quixeron perder
Os servís aos liberás.
<15> O conto quero decirvos,
Para que todos sepades
335 Dos que se chaman servís
As virtudes cardenales.
Arguelles, ome sabido,
E mozo de pouca idade,
Que tanto se destingueu
340 Aló nas Cortes de Caiz;

³⁴ No impreso de 1814, *Engullan*.

E por quen ganou España
 Mais creto e celebridade
 Que por Demostenes Grecia
 Na remota antigüedad:
 345 E perseguido de morte
 De algus cregos é algus frades
 Porque rebatir non poden
 As suas sabias verdades.
 Discorren para perdelo
 350 Ua trama tan bestial
 Como inicua, que no instante
 Fai ver crara á falsedá.
 Dicen que e de Bonaparte
 Amigo confidencial
 355 E buscan ao efecto un tuno
 Que diga ser xeneral
 Frances, chamado *Odinote*;
 Que a España veu a tratar
 De orden de Napoladron
 360 Con Arguelles certo pran.
 <16> Vistese o tuno de frade,

E preveñen de anteman
 A o alcalde de Baza o prenda;
 Que logo en Granada dá
 365 Decraracion voluntaria
 De quen era, e do seu pran:
 Cita casas e suxetos
 Que en toda España non hai
 Ni nas guias dos franceses
 370 Se encontra tal xeneral.
 Descubrese, pois, a intriga
 E vese a trama infernal
 Dos hipocritas servís,
 E a virtu dos liberás...
 375 Palurdos que vos vestides,
 Como eu de sayo de lá,
 Guardadevos de Odinotes,
 E en servís non vos creas.
 Pois nin mouros, nin xentís
 380 Farian o que eles fan,
 Por comer sempre perdices
 Xamós e ovos reás.

Caracterización dos membros que compoñen o *Ayuntamiento Constitucional de La Habana* (1821)

Categorías de la parte físico-moral con relacion al hombre público, O sea anatomía de los miembros, que componen el Ayuntamiento constitucional de la Habana, en el presente año de 1821. Habana: Imprenta Fraternal de los Diaz de Castro, impresores del Consulado nacional, [1821], pp. 10, 20 e 28. Neste folleto anónimo faise un retrato dos alcaldes e rexedores, trinta en total, do *Ayuntamiento* constitucional da Habana de 1821, seguindo o ronsel doutras publicacións similares aparecidas na metrópole (Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 224-228). A caracterización feita para as distintas persoas atense case sempre a un mesmo esquema: comeza cunha redondilla octosilábica que introduce o personaxe para logo pasar a unha descrición, primeiro física e logo moral, en prosa. A redondilla inicial aparece en tres ocasións redactada en galego, feito que sen dúbida apunta á procedencia das persoas referidas. O exemplar consultado, depositado na Biblioteca Nacional de Madrid (R. 17.623), pertenceu ao historiador valenciano Justo Zaragoza y Cucala (1833-1896), a quen probablemente se deban algunhas anotacións a lapis que precisan a identidade dalgúns dos membros da corporación.

<10> GAYOL³⁵.

Son arcaide sin mañadas

Veña á cousiña ben crara

Pois que nunca á miña vara

Tembrou as fanfarronadas.

<20> MARTELO.

Defende meu fillo a ley,

Cal os Quirojas é Regos:

Pois nos países dos cegos

Quen ten un ollo e Rey.

<28> VAZQUEZ.

Sabes escoller o ben,

Meu rapaz afortunado,

Que neste mundo cuitado,

Quen ten dineiriño ten.

[...] En fin, este año es un ensayo; el último día del de 822 nos veremos las caras. A Deus que vou o consistorio.³⁶

³⁵ Hai unha anotación a lapis por riba deste nome que di o seguinte: “D. Bernardo Gallol de Villamil - Alcalde”.

³⁶ Son as palabras finais da caracterización en prosa deste personaxe.

[Nicomedes Pastor Díaz]: fragmentos dun poema galego (ca. 1826-1828)

Estes fragmentos manuscritos encóntranse entre o recto da páxina 11 e o recto da páxina 12 do códice titulado *Poesias. Autógrafos*, que debeu de pertencer a Eugenio Reguera y Pardiñas e hoxe se conserva no Archivo Histórico Nacional de Madrid (signatura 1052B)³⁷.

Precisamente, cremos que a autoría material desta copia apógrafa se debe ao propio Eugenio Reguera: é moi probable que sexa el o responsable da omisión do til sobre a letra <ñ> ata en tres ocasións diferentes (*mañaina* por *mañaiña* ‘mañanciña’, *marina* por *mariña* e *mina* por *miña*), particularidade que se verifica noutros escritos seus que se custodian no Archivo Histórico Nacional.

Coidamos que se pode atribuír a composición destes fragmentos poéticos á figura de Nicomedes Pastor Díaz con certas garantías. As similitudes que presenta con “A Alborada” (cf. Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 299-302) e, sobre todo, coa “Égloga de Belmiro e Benigno” (cf. Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 286-297) son máis ca evidentes, o que ademais permite supoñer que as tres pezas se deberon de compoñer en momentos non moi afastados no tempo. Estas similitudes a que nos referimos son de tipo métrico (uso combinado de heptasílabos e hendecasílabos, imperfeccións nalgúñas rimas), estilístico (abundancia de epítetos), temático (referencias clásicas, unha moi clarificadora ambientación nas ribeiras do viveirense río Landrove) e lingüístico (utilización da característica forma *mañaiña*, que igualmente aparece en posición de rima na “Égloga”). Chama a atención, non obstante, o uso da variante *ti* para a forma recta do pronome persoal tónico de segunda persoa de singular, que difire do *tu* rexistrado nos poemas xa coñecidos; a súa presenza podería estar xustificada por un cambio de criterio do autor, que botaría man neste caso dunha variante que se afasta da solución coincidente co castelán, ou ben pola intervención do copista Eugenio Reguera ou dalgún outro copista intermedio, se é que o houbo.

³⁷ Accesible no Portal de Archivos Españoles co título *Poesías varias en gallego y castellano* e co código “códices, l.1052”: <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas/servlets/Control_servlet?accion=4&txt_accion_origen=2&txt_id_desc_ud=2610194>.

Os fragmentos que se transcriben a continuación pertencen a tres estanzas distintas (de 19 versos, co esquema ABCABCcDdEEffGgHhIi). Chegaron a nós os seis versos finais dunha das estrofas, outra completa e unha terceira en que falta o cuarto verso: suman un total de 43 os versos conservados. Non sabemos cal foi a extensión do poema orixinal; non obstante, se temos en conta que a parte que se conserva ocupaba as páxinas 5 e 6 do manuscrito copiado, é posible imaxinar que este novo texto puidese ter unhas proporcións considerables, talvez semellantes ás da “Égloga de Belmiro e Benigno”.

<1> Fragmentos de un poema Gallego, manuscrito, páxinas 5 y 6 de un folleto en 8.º

.....
.....
.....

sono mais que o oprimido
5 rico señor que no sofá tendido,
non está tan contento
como eu estou sin ser tan opulento.
Alma natureza,
á min rico me fai túa grandeza!


10 Ti á ô famento dás pan; ti dás ventura,
á ô que ô mundo falaz fero lla nega,
ti enches ô nunca chéu peito humano;
ti ciñes con cadeas de verdura
dous amantes esposos nunha aldea
15 lazos de ferro no pueblo tirano,
e ti bruto inhumano
que oprimes crudo â dulce compañeira
vai do Landrove â beira,
<2> e veras sempre os olivos frondosos
20 reverdecer na cama dos esposos.....
Ti arrebatas a alma
do pensador que na profunda calma

do albor da mañaina
 sentado nun collado da marina,
 25 absorto mira e pampo
 do Omnipotente ó carro sacrosanto
 donde o ben se presenta
 entre ouro e brancas pedras que sementa.


Ti no frorido³⁸ campo ó enfermo sanas
 30 á ô tempo mesmo que na ciudad morre
 a forza de mexunxes da botica,
 [...]
 ti á ô desvalido próvida socorres
 de frutos, froes e de todo rica,
 35 ti da mina Marica
 o peito encendes nun suave fogo,
 ti o inocente xogo
 á ôs pastores inventas, ti, ti sola
 podras á son do ruído da marola
 40 cantar os portentosos
 milagros teus, mellor que os fastidiosos
 toques da miña lira,
 que debil oxe de placer suspira;
 <3> ti sola bastante eres
 45 pra envolver nas túas gracias e placeres
 a musica, a poesía,
 as virtudes, a paz e a alegría.

Solo dos estrofas completas se hallan en la precedente copia, que abrazan un lindo apostrofo á la naturaleza: aunque tiene defectos, es lastima no tener completa la Oda.


³⁸ Hai sobre o primeiro <o> de *frorido* unha manchiña de tinta que talvez puidese interpretarse como un til circunflexo.



[Nicomedes Pastor Díaz] (ca. 1826-1828): "Fragmentos de un poema Gallego manuscrito"
[Manuscrito apógrafo do Archivo Histórico Nacional de Madrid]



[Nicomedes Pastor Díaz] (ca. 1826-1828): "Fragmentos de un poema Gallego manuscrito"
 [Manuscrito apógrafo do Archivo Histórico Nacional de Madrid]



[Nicomedes Pastor Díaz] (ca. 1826-1828): "Fragmentos de un poema Gallego manuscrito".
[Manuscrito apógrafo do Archivo Histórico Nacional de Madrid]

Carta do cura de San Xoán de Esmelle (1827)

“Carta do cura de San Xuan de Esmelle na que lle dice a un seu amigo como fuxeo dun tal Pico que lle quería pegar un bon petardo o día do Patrono da súa Parroquia; pero ó petardeyro saleo ben é completamente amolado”. Manuscrito depositado na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (Ms. 665). A máis completa información sobre esta peza manuscrita encóntrase no traballo de Gonzalo Navaza que se publica neste mesmo volume de estudos: “Un texto inédito de 1827: A *Carta do cura de Esmelle*”. Segundo Navaza, trátase dun conxunto de tres textos elaborados polo menos por dúas mans distintas. A carta do cura de Esmelle propiamente dita é obra de don Xosé María Fonte Montenegro, párroco de Esmelle na altura, mentres que a “Contestación” que a segue se debe a outro cura amigo do anterior que de momento non puido ser identificado. A parte final en castelán, composta por un “Pedimento” e mais un “Auto”, podería ser doutra persoa, mais Navaza coída que hai semellanzas lingüísticas e versificadorias que permitirían atribuírla tamén a Xosé María Fonte, reitor de Esmelle. De acordo tamén con Navaza, este conxunto documental pódese datar en 1827 tendo en conta a “información relativa aos cargos públicos exercidos por persoas expresamente mencionadas nos textos”.

<p><1> Carta do cura de S.ⁿ Xsuan³⁹ de Esmelle, na que lle dice áun seu amigo como fu- 5 xseo, dun tal Pico, que lle quería pegar un bon petardo, ó día dó Patrono da sua Parroquia; pero ó</p>	<p>10 petardeyro saleo ben é completamente, amolado.</p> <p><2> <3> Meu amigo xsa que tés unha pouca de pacencia 15 vou á contarche unha cousa q.^e parece unha traxsédia. Eu non sei como contarche</p>
---	--

³⁹ O dígrafo <xś>, que representa o fonema fricativo prepalatal xordo, leva sempre un til sobreposto que é igual ao que leva o <ñ> neste mesmo manuscrito. Trátase dun trazo de tamaño considerable que, a pesar das pequenas variantes formais que presenta ao longo do texto, adoita asemellarse a un bucle.

como foi; amina lingua
quedache asada de todo
20 é seca como unha estela.
Eu cada vez⁴⁰ que me acordo
¡Dios che me dea pacencial
eu cada ves que me acordo
do conto, doyme á cabeza.
25 Verás, atende, meu fillo
verás que graciosa escena
¡Ave maria de Gracia!
eche cousa de comedia.
Hay, ó menos, doce anos,
30 ou mais craro, unha docena
que me asalta un certo Lobo
que trai pellico do obella
<4> Eche un Xsán pero tan Xsán.
que si mellor ó fixsera
35 podía facer ó Pico.
é reirse ben de calquera
Amigo, bamos áo conto,
¡nunca jamais Dios medera!
teño medo de enfadarte
40 é qrebantarche á cabeza.
Pero en fin, bamos aló:
xsa sabes que en esta aldea
ó dia de S.ⁿ Xsuan
hay unha tumbada festa,
45 Hay gaita, fogos, é todo

é hay golpe de escopeta,
pero ó mellor de todo esto
eche ó golpe de Comedia.
Eu estaba na ventana
50 por que esto me recrea,
évinche vir á cabalo
ó do pellico do obella.
Vincho vir, é sinon fora
<5> un demo de unha Librea
55 que traia ó condanado
ó demo que ó conocera.
Co-sombreyro⁴¹ dos tres Picos
asombraba toda á aldea
é decian-lle-os paysanos
60 baya Vste en hora buena.
Como vin tanto sacar
de gorra ¡ay! Santa Tecla!
dixsen é-ó mesmo, sin duda
ó Comisario de Guerra.
65 Trahia á sua muller
¡baya é cousa que me aterra!
outros do[u]s⁴² que non conozo
nin sey de que casta eran.
Viñan catro alquiladores
70 cunha marcha muy lixseyra⁴³
boto á conta que son oito
é doce coas catro Bestas.
Trahian bos aparellos,

⁴⁰ Semella que *vez* corrixe un *ves* previo.

⁴¹ Parece que a forma *sombreyro* corrixe un *sombreiro* previo.

⁴² Ms. *dos*.

⁴³ Parece que a forma *lixseyra* corrixe un *ligeira* anterior.

pero as alforjas baleyras,
 75 sinoos vexsó vir de lonxé
 <6> á bolverse irian cheas,
 O señor do apuntado
 todo é mirar si fomea
 por que xsa viña mirando
 80 desde lonxé á Chimenea.
 Chamo á criada correndo
 ven á probe con gran presa
 é dime ¿que ten meu amo?
 ¿que ei de ter?, dixénlle, alerta.
 85 Fuxsó da casa ó momento
 é funme á tomar Ygresia
 que si non é de refugio
 boaba á miña cabeza.
 Me-time na sachristia
 90 ¡mala polvora chos ergal!
 alí recey os maytines,
 Nona, horas, é compretas.
 Entran por fin nesta casa
 é desarrean as bestas,
 95 subense todos á sala
 é de visita se sentan.
 Chaman á miña criada
 ¡Dios che lle dea pacencia!
 <7> preguntaronlle por min
 100 é dixsó que hiba na Ygresia.
 A señora áos catro mozos
 dixóolles; lo q.^e vstedes quieran
 pidan, q.^e no faltara
 vino bueno de Valderas.
 105 Si les gusta el agua-ardiente
 ó una poca de manteca

hablen sin ningun recelo
 y escojan como en peras.
 Os boós dos alquiladores,
 110 dixéron; señora benga
 vino, que aqui será bueno,
 pues será de Valde-Peñas.
 Manda subir á criada,
 por principio, unha fanega
 115 que beñen ser catro netos
 po-lo uso de-esta terra.
 Saleu á miña criada,
 mi amo ba en la Ygresia
 y á mi no me deixóu
 120 la Chave de la Bodega.
 Dixóolle logo á señora
 <8> ¿esta lejos la Taberna?
 é respondelle á criada,
 la Tabierna esta muy cerca.
 125 Como eles conoceron
 que non havia comedia
 foxsén é banse da casa
 co-seu rabo entre las pernas.
 Deron de almorzar áos mozos
 130 é acomodan as bestas
 con moita cara labada
 neste atrio se presentan.
 Eu ¡arre demo! metido
 donde botara as compretas,
 135 que non pensei de salir
 con color da miña escena.
 Desde que xsa me enfadaba
 de estar reza que te reza
 determinei de salir

140 é salir coa miña empresa.
 Un tal S.^{or} Pastor Rico
 crego de moita destreza
 fíxome capa é salin
 <9> fuxsindo con moita presa.

145 Deixsoos quedar naquel atrio
 todos cóa boca aberta,
 este foi ó modo como
 amolei ó⁴⁴ da librea.
 Desengañaronse, en fin,
 150 que todo ó conto eu soupera
 é así deixáronme libre
 é foron para á taberna.
 Nesta fonda de Meixsido⁴⁵
 comeron có-á bolsa aberta

155 esí pagaron os cartos
 tamen correo á moneda.
 Deste[s]⁴⁶ petardistas hay
 tantos ahi como areas
 é para que os conozas

160 algunhas noticias lebas.
 Z[ú]rramos⁴⁷ por Dios amigo
 por que sei que eres poeta
 botalles algo de Esmelle
 é falalles desta festa.

165 A Dios dispon é manda
 dispon de min con franqueza

<10> que son ó Cura de Esmelle
 ó que as tuas maus che beyxsa.

Contestacion.

Cando recibin meu cura
 á tua carta, pensaba
 que á cabeza me boaba
 co-á grande calentura.
 5 pensem que daba en loucura⁴⁸
 cando empezey á leér,
 pero, en fin, Dios quixso ter
 misericordia de min,
 pois sinon quedaba sin
 10 unha gana de comer.
 Segun minformas, un Lobo
 con pelexso de co[r]deyro⁴⁹
 hay tempo có bellaqueyro
 bayte asaltar dese modo
 15 meu cura, decir non podó
 á alegría que ó presente
 teño, por que esa xsente
 (eu non sei si ben me esprico)
 quixsoche meter ó Pico
 20 é regañachello ó dente.
 <11> Tanto che me folgo, baya!
 que llo óubeses regañado!

⁴⁴ Antes de *ó* hai un *á* riscado: *á*.

⁴⁵ O primeiro *i* de *Meixsido* non ten punto, polo que cabe a posibilidade de que haxa que facer unha lectura alternativa.

⁴⁶ Ms. *Deste*.

⁴⁷ No ms., *Zurramos*.

⁴⁸ O primeiro *u* de *loucura* vai superposto, corrixindo a forma inicial *locura*.

⁴⁹ Ms. *condeyro*.

colliate descuidado
 sinón estás na atalaya,
 25 sinón alerta é desmaya
 ó meu cura cóa sua vista
 é sinón á ten ben lista
 mirando sempre é de cote
 pegaballe un bó pegote
 30 ó mais grande petardista!!
 Bó foi ó conocimiento,
 para estares nesa aldea
 saber cá aquela librea
 viña do Departamento.
 35 ten por feliz ó momento
 que conociche os Lacarios
 que anque son imaxinarios
 antes, para ó meu pensar,
 tal nome se debe dar
 40 á todos os comisarios⁵⁰.
 Causouche moyta estrañeza
 <12> en ber cos teus feligreses
 á sua gorra cortes[es]⁵¹
 sacaban á aquela peza;
 45 si che falo con franqueza
 deberás de conocer
 que era eso menester
 por causa de que unha meyga
 non bordase na manteiga
 50 ca inda estaba por facer
 Canto me alegro meu crego

que lebase á labatiba
 que sin ser donado iba
 á questa para ser Lego:
 55 teñoche un amor muy cego
 é unha grande aficion
 ver que pegache á un chupon
 un chasco tan ben salado,
 tereyte sempre grabado,
 60 meu cura no corazon.
 Estubo crego, ben feyto
 meterlle as cabras na corte,
 pois á Lobos desa sorte
 <13> d[a]selles⁵² sempre ó dereyto
 65 baya que foi á bon xseyto
 ó tal D. Xsán amolado
 mays balera que cagado
 por toda á Aldea pasase
 que⁵³ un cura ó amolase
 70 sendo el un Pico aguzado.
 Dicesme q.º D. Pastor
 que che sirveu de alcaguete,
 ese para ó meu saynete
 tamen foi amolador:
 75 ti estubeche ¡meu amor!
 na Ygresia desconxurando
 ó trono q.º amenazando
 á tua Bodega estaba
 si non hay capa lograba
 80 derrotarte ¡S.º Fernando!

⁵⁰ Antes de comisarios lese *debe* riscado: *debe*.

⁵¹ Ms. *cortes*.

⁵² Ms. *deselles*.

⁵³ Enténdase *que que un cura o amolase*.

Disme tamen cá muller
na tua casa cortaba
por largo, pero á criada
tamen soupo responder
85 <14> si non trata de poñer
medo có-seu castillano,
fuxías meu crego, en bano
para á Ygresia arrefugiarte
pois có-seu Pico á picarte
90 bolvería ó outro ano.
Quedo amiguiño encargado
de decirilles algo deso
por que anque me des un peso
dou ó demo estou calado:
95 escribirey do fregado
ou mais ben de estes gaspachos
un Libriño bó-, á cachos,
que ha de facer berter babas,
é si lles metiche as cabras
100 eylles de botar os machos.
Manda, dispon por acó
en cousa que che se ofreza,
manda crego con franqueza
q'eu mandarei por aló:
105 deseo que esteas bó
<15> é que estires ben á pata
manda reales de prata
á quen te estima, é tadora
que se firma por agora
110 Cura Rector de Malata.

Pedimento.

D. Juan del Pico ante V.S.
como mejor en derecho
lugar haya, se presenta
con el debido respeto.
5 A nada mas se dirige
el Presente Pedimento
que á pedir lo de Justicia
y que lo hareis yó lo espero.
Hay doce años, señor,
10 sobre poco mas ó menos
que en el día de mi santo
dejaba el Pabellon Regio.
El dejar mi abitacion
era señor con obgeto
15 <16> de no dar las diez ú once
al Marino Ministerio.
Me soplabá de corripias
al uso de petardero
en S.^o Juan de Esmelle, donde,
20 me llenaba como un cerdo.
Ybame á Casa del cura
el que llorando, ó reyendo
en llegando el comisario
Comedia sin mas remedio
25 Fui este año tambien,
y cada vez que me acuerdo,
¡baya! (me consumo todo)
desatino y pierdo el seso.

Fui, señor, mas me baliera
 30 combidar á todo Esteyro
 que llebar la labatiba
 sin que fuese en el trasero.
 Fui señor, pero á que fui?
 (al pensarlo desespero)
 35 fui para ser mormurado⁵⁴
 <17> y á gastar mi dinero.
 El cura se niega en casa
 esto, señor, es un hecho,
 y en casa, ó en la Yglesia,
 40 sabia estaba de cierto.
 Por ser dia de mi santo
 si el bolsillo no ba abierto
 con pocos maravedis
 ayunaba, sin remedio.
 45 En una mala taberna
 en aquel fiero desierto
 pasé mi día rabiando
 desesperado y gimiendo.
 Y asi en vista de que
 50 en los libros del derecho
 la posesion bale mucho
 posesion antigua tengo.
 Suplico á V.S. se sirva
 mandar, pues, q.^e en poco tiempo

55 mela de un Escribano
 judicial q.^e asi la quiero.
 <18> Pues para el año que biene
 ir á Esmelle, señor, quiero
 y que quierá que no quiera
 60 el cura, no habra remedio.
 Por ser todo dejusticia
 que pido, y tanto deseo
 juro lo devido F[irm]a
 Juan del Pico el Petardero.

Auto.

Visto el pedimento que
 me presenta el petardero
 de justicia considero
 la posesion se le dé.
 5 Pase D. Juan Cardemil
 á darle la posesion
 y llebará á prevencion
 testigos y un Alguacil.
 El suplicante acrehedor
 10 es en dictamen de todos,
 por las leyes de duobus,
 Yó, el Alcalde mayor.

⁵⁴ Se cadra *murmurado*.

Carta liberal de Xan de Santa de María de todo o mundo (2/8/1835)

Eco del Comercio, Madrid, 2 de agosto de 1835, pp. 2-3⁵⁵.

Velaquí a carta, inzada de anacolutos, dun suposto emigrante galego en Madrid, onde, coma moitos dos seus coetáneos, gañaba a vida carretando auga, lotes de roupa e outras “chafulladas” máis. O redactor do xornal madrileño chamado *Eco del Comercio*, publicado entre 1834 e 1849, avense gustoso a publicala “asi por las buenas ideas que respira el *cuitadiño* articulista, como por la novedad de estar puestas en el mas dulce de nuestros dialectos y en boca de un provinciano sencillo á la par que honrado y liberal”. A peza contén unha dura censura dos ministros do goberno da rexente María Cristina de Borbón, dos responsables da administración de xustiza e de moitos clérigos partidarios da causa de Carlos V que coa súa reprochable conduta estaban a causar, segundo o «*cuitadiño* articulista», o oprobio do Estado e o descrédito da Igrexa. Sobre este artigo consúltese o estudo que lle dedica Xurxo Martínez González neste mesmo volume, no que se defende a hipótese de que o seu autor fose o demócrata republicano Vicente Álvarez Miranda (1817-1858), natural de Ribadeo.

<2c> Con el título de *Correspondencia crítico-labresca* se nos ha comunicado la siguiente carta en idioma gallego, que insertamos gustosos, asi por las buenas ideas que respira el *cuitadiño* articulista, como por la novedad de estar puestas en el mas dulce de nuestros dialectos y en boca de un provinciano sencillo á la par que honrado y liberal.

Señores redactores do Eco do Comercio: Eu, mis señores, pra servir à suas mercedes, son un galeguíño que, falando mal, me chamo Xan⁵⁶ de Sta. María de todo ò mundo, ê veciño do lugar donde me hacho. Digo, mis señores, falando mal, porque han de saber suas mercedes que na miña terra chaman burros à cantos teñen este

⁵⁵ A noticia da existencia deste texto débémolla a Pablo Cano López.

⁵⁶ Hai unha pequena mancha de tinta sobre o <a>, mais coidamos que non se presenta inequivocamente como un til diacrítico que acompañe o signo <X> para a representación da consoante fricativa prepalatal xorda.

10 nome. [Dodemo]⁵⁷ ò crego que me ô pux[ô]⁵⁸, cando me bautizó; pois nunca me darán feé à canto fale, dicíndome que sou un burro: pro como, mis srês., sean verdades, ôu cousas que non sean de herexia, pro si de proveicto pra nacion, ê⁵⁹ mais de guía tamen pra os que nos governan, que falla lles fai, [dodemo]⁶⁰ à min, si pouco se me dará que me chamen cen mil veces burro; ê moito menos cando
 15 comence á cantalas no priodico de suas mercedes coa axuda de Dios ê tendo saude como tamen vostedes, pra facerlles nel un bon canto, porque han de saber que, aunque son un probe carreton de ajua, de lotes de roupa ê mais chafulladas, que non por eso deixo as mais das veces, cando vou à fonte, de poñerme á escoitar á os que ô estan lendo sobre as Cabachas de S. Felipe, ê porque tamen entendo algo de
 20 politrica, ê sei muy ben ô que nos conve[n]⁶¹ à todos ôs boós españoles, no tempo en que nos achamos.

Vostedes, mis srês., non se pode negar ô moito coidado que poñen en abrir ôs ollos do prubico, ê facerlles entender ò que lles ten conta, como tamen en propoñer ô goberno us boós medios por donde deben camiñar por dereicto: pro eu digo no
 25 meu pouco entender, ê po lo que vexo, que ó mais todo ê en valde, ê sin proveicto algùn: mentras non se trate, mi[s]⁶² srês., ô primeiro: de apiegar òs ministros que nos mandan: è dirixen à nosa gobernadora, facendolle ver à esta probe è cuitada señora que todo bai ben (se entende, mi[s]⁶³ señores, pra eles, è non pros mais) è mais tamen que son como os papas (habia de ser duña⁶⁴ boa chea de moscas)
 30 infelibles, òu que non poden errar en cousas de goberno por ser guiados polo esprito (eu non se[y]⁶⁵ si diga, mis señores, ôu direi mellor do demo, que de Dios

⁵⁷ No impreso lese *Dedamo*, que non ten sentido. Consideramos probable que na imprenta madrileña do *Eco del Comercio*, por descoñecemento do galego, se malinterpretase o hipotético *Dodemo* que se cadra estaría no orixinal, seguramente manuscrito, que manexarían. Este probable erro de interpretación repítese en dúas ocasións máis.

⁵⁸ É indubidable que hai un til sobre o <o>, mais non estamos certos de que sexa un til circunflexo.

⁵⁹ Talvez è.

⁶⁰ No impreso, *dedamo*.

⁶¹ No impreso, *conveu*.

⁶² No impreso, *miu*.

⁶³ No impreso, *miu*.

⁶⁴ Enténdase 'dunha'.

⁶⁵ No impreso, *seü*. O <ü> puido resultar da malinterpretación dun <y> do orixinal; pola contra, parece moi improbable unha hipotética confusión de <i> por <ü>. Por outra parte, en posición final de palabra [j] represéntase neste texto en seis ocasións por <y> e só en tres por <i>; <y>, por tanto, é a variante gráfica maioritaria neste artigo con este valor e neste contexto.

en todas as feitura dos pasados, que foron tan ruis como os cartos bellos). Decia apiegalos, mis señores, con [u]n⁶⁶ bon estrobo de responsabilidade que lles apretase ben ô soldadoiro, pra que non se botasen fora do lindeiro: pois si eu llelo puxera;

35 xuro à noso Señor que lles havia de facer levar ben dereicta á sucadeira, pra que non se meteran á gobernar si non como Dios ê mais à necesidade do estado ô requiren: mais pra conocer ben á estes bóos xuxetos, ê mester deixalos obrar primeiro, menos, como dicen na miña terra, non se sabe de que[n]⁶⁷ ê à recua, hasta à morte do arrieiro. E xa que conto quita conto, non menos debe facer à nosa gobernadora con

40 todos aqueles à quen se lles ten fiada à administracion da xusticia que, pola nosa pouca sorte, bay por moito tempo está muy derredada de tales xuxetos, xuzgando estas boas almas os preitos por tantas leyes cuantos son eles, è mais às suas voluntades, polo mesmo que se vein ceibos, ê que ningen lles tira de cabestro; pois ben pode à boa Señora botar de ver que si esta falta, que ê ô eixo do carro ô ma

45 quena do estado, mal por ela ê por todos nosoutros. E pra ben ser, mis señores, pois xa que temos leyes à bondo pra apricalas, tanto os nosos preitos, c[o]mo⁶⁸ ôs dos cregos, è que nos de estos <3a> [è]⁶⁹ donde se vein mayores inxusticias, roubos ê xudiadas. ¡[Dodemo]⁷⁰ á min! Si falla nos fan tantos, é semellantes xuzgados, donde sempre vimos, pola nosa desgracia, que, contra todo dereicto, fosen

50 consentidos ôs perlados, à ser outros tantos Peruxos Palomos, como se sole decir por estes, que eles ô amañan y eles ô comen, sin atender ôs tempos en que nos achamos, ê que todos chegamos à saber donde nos apreta à zoca pra tirar coela os infernos, ê moito mais á descubrir às marañas de algus de estos falsos ê mais que falsos profetas, por tal rexelo foron feitos pra nom salir, como saliron; non

55 semellantes ô nome que teñen de pastores, ê de miniños pra lindar ben as obellas que lles foron encomendadas por noso Señor Xêxuchristo ôs seus antecesores, pro si dexenerados nun todo de estos, á ôs mais feros lobos pra poñelas en cartos, pra logo tragalas casi vivas, como hê ben prubico polos feitos, volvo à decir, de algús de eles que son è foron ô oprobio dun estado que tanto debe sobresalir entre os

⁶⁶ No impreso, *nn*.

⁶⁷ No impreso, *queu*.

⁶⁸ No impreso, *ceso*.

⁶⁹ No impreso hai neste lugar unha mancha de tinta que impide descrifrar o que ten por baixo.

⁷⁰ No impreso, *Dedamo* ou quizais *Dodamo*.

- 60 mais en moralidade, virtudes ê santidade, como ô eixixen de les ò evanxelio, ê ô
 espírito da igresia, desacreditando esta, ê ponendoa tan fea como á noicte con una
 tan esc[a]ndalosa⁷¹ conducta, que hasta os pelos se respigan à verlles facer ô que
 fixeron ê aun fan á cara descuberta, è faran porque non'hay quen os conteña,
 deixandos andar á renda solta hasta salir ca sua, que ê destronizar â nena doña
 65 Sabela ê desacreditar á sua Nay doña Christina, ê sin contar aun outros mais
 feitos con que chegaron á escandalizar à xentes as mais relaxadas. ¡Caten, caten
 vostedes, mis señores, que bos discípulos son estos de Xexuchristo, ê que ben toman
 de imitar ô seu maeso, predicando como predicán ô rebes à moyta ê boa doutrina
 que lles deixou enseñada, pra que eles no lo fixesen à nosoutros, pra que nos
 70 levasemos us co soutros, como ô pan ê ô leicte, ê nos amasemos asi como el ¡Miña
 xoya! nos amou, é ama, ê mais tamen encargandolles nos predicasen y aconsellasen
 de cote à sua paz, pro non á do mundo, que non [é]⁷² nin pode ser outra, mis
 señores, que á fina guerra que eles nos fan ê na que nos teñen envoltos, solo por un
 espírito de ambicion, è codicia de querer ser mais que ô que son, mais non pro noso
 75 ben, sinon pro de eles è pra tiranizarnos, como feros despotas que son é sempre foron,
 aun pra aqueles seus coadxutores que cumprian mellor que eles co à suas obrigaciós, de
 que sempre se desentenderon, pro non de facernos cantos danos poden, tanto pra
 alma como pro corpo, que mal se poden expricar polo orrendos que son ê ô moyto
 que ofenden á relixion, que mal se pode xa profesar, [e]⁷³ ter, como temos ôs maesos
 80 tan perxuros è desmoralizados.
 Eu mis señores, ben sey que me dirán suas mercedes que canto lles levo dito non
 è por certo cousa noba pra vostedes, porque demais estan cheos ¡[o]jala non fora
 tanto! [d]e sabelo ê resabelo⁷⁴, ê de que tamen se lles serrarán os dentes ê moas como
 à min de ver un goberno hasta aquí tan deixado è compangeiro en consentelos que
 85 estubesen entre nosoutros por tanto tempo, tan logo que se soupo de qué pé
 coxeaban, ê que se lles caeú à cara[n]toña⁷⁵ que trouxeron posta na cara pra que
 ningun os coñocese, nin de que mal adoecian. Porque han de entender suas

⁷¹ No impreso, *escándalosa*.

⁷² No impreso, *á*, sen sentido.

⁷³ No impreso *à*, sen sentido.

⁷⁴ No impreso, *porque demais estan cheos. ¡Ojala non fora tanto! De sabelo è resabelo*.

⁷⁵ No impreso, *caractaña*.

mercedes, que cada un de estos sultás sempre debe de contar con [ou]tro⁷⁶ tanto
exército, cal sea ò número de cregos, curas ê frades que ten en todo ô seu territorio,
90 exército que non lles costa un carto ô mantelo ê armalo, nin tampouco que mais
xuxeto lle estea, como comedido ê prompto pra calquera fechoría, aunque si mester
fora pra aforcar ô Padre Eterno, solo por levar à sua adeante.
Agora ben, mis señores, vostedes ben podran vir en conocemento de cales, por este
meu modo de falar, son os meus sentementos, ê ô moito desexo que teño de que
95 cheguemos canto antes à vernos en un estado de paz, sosego è seguridade, indo
como vamos por tantos anos cheos ê mais que cheos de tanta cabroada, è de levar
sobre ò noso colar un xugo de tan tamaño peso sin deixarnos casi folguexar, ê de ver
recobrada á nosa legal libertade, ê os nosos xustos dereictos, porque tanta sangue se
verte po la mas inxusta causa ê mala voluntade de cantos turran, como os carneiros
100 en facela xusta ê lexítima, creendo de que por ela, ê mais po la gracia de Carlos V,
merecerán entrar en corpo ê alma no seu reino, pro non do Ceó. Po lo que, mis
señores, me disimularán ô que poña aquí un pedreiro oú punto final, é en tanto
suas mercedes conten con un apasionado mais, ê que lle manden, aunque probe, en
canto poda servilos, pois sempre será de vostedes. Madril &c. = *Xán de Santa María*
105 *de todo ó Mundo*. = Que lles beixa à mau.

⁷⁶ No impreso, *uotro*.

Fisionomía natural e política dos procuradores nas cortes de 1834, 1835 e 1836 (1836)

Fisionomía natural y política de los procuradores en las Córtes de 1834, 1835 y 1836. Madrid: Imprenta á cargo de D. Ignacio Boix, 1836, pp. 36 e 81. É este un novo impreso feito ao estilo das *Condiciones y semblanzas de los diputados a Cortes* do Trienio Liberal (cf. Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008, pp. 224-228). Unha vez máis atopámonos ante unha obra anónima que, neste caso, se vén atribuíndo ao escritor e político liberal Fermín Caballero (1800-1876), natural de Cuenca. Esta circunstancia axudaría a comprender a presenza de rechamantes erros lingüísticos nos dous breves anacos galegos da peza.

<36> PARDO BAZAN. *Eu non falo, mais voto con miños veciños á o gusto de noso señor goberno.*

<81> MARTINEZ TABOADA.

Vinde, vinde, coruñesas,
Vinde [n]enas⁷⁷ á cantar
O voso procurador,
Perque tiña que falar.

⁷⁷ No impreso, *menas*.

Mingos Mariño: *Carta dun galego* (16/7/1839)

Mingos Mariño: “Carta de un gallego”, *Fr. Gerundio* 161 (16/7/1839), Capillada 161 (109 de Madrid), pp. 73-75.

Velaquí unha nova carta dun galego inserida nunha publicación madrileña durante a minoría de idade de Isabel II. Denúncianse nela os abusos que por aquel tempo cometían certos taberneiros da Coruña. O *Fray Gerundio* foi un xornal madrileño de orientación liberal que entre 1837 e 1843 e 1848 e 1849 sostivo o progresista Modesto Lafuente y Zamalloa. Especialmente sonadas se fixeron as súas “Capilladas”, nas que se satirizaban costumes e tipos populares e se comentaba criticamente a actualidade política. Durante a súa existencia, esta publicación madrileña inseriu diversos textos en galego e noutros idiomas falados en España (cf. Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 448-454 e tamén os artigos de 1839 e 1840 que editamos inmediatamente despois deste).

Os feitos denunciados nesta carta provocaron a protesta dos taberneiros mencionados, Felipe Barreiro e o Astoreano, segundo se testemuña no número do 9 de agosto (“Taberneros y condes”, *Fr. Gerundio* 168 (9/8/1839), Capillada 168 (116 de Madrid), pp. 183-185).

<73> CARTA DE UN GALLEGO.

Puestos á complacer, daremos tambien lugar, ya que tanto interes nos ha manifestado el autor, á la siguiente carta que á mi Paternidad ha dirigido un gallego, que se conoce posee bien el dialecto de su tierra.

Cruña a 30 de san Joan de 1839.

- 5 Meu Reverendo Frade Gerundo das Campazas. Moi señor meu; todo o xenero homano que teña os cinco sentidos, é as tres potencias lle gusta escoitar as capelladas de bostede pola moita sal que teñen, é porque como decimos nosoutros os gallegos, non lle queda perro tras palleiro⁷⁸: todo ó busca é escodriña hasta no

⁷⁸ *tras* e *palleiro* van en distintas liñas, pero a preposición vai seguida dun guión ao final da liña en que aparece. Se cadra, por tanto, podería lerse *traspalleiro*.

mais fondo da terra, é salenlle as cousas tan certas como si as apalpase coas mans,
 10 é as vise co os ollos: é decimos nosoutros; vaya, he moito saver ó deste Padre
 Gerondio, pero aun ten que saver mais. Como todos os dias de correo deseamos ver
 a Capellada, nos rreonimos catro, ou oito amigos, é as veces á mais, na casa de don
 Felipe Barreiro (home de bén) que o ten liquido de Baldeorras moevo⁷⁹, pero a nove
 15 cartos o neto, na calle de San Andres desta ciu-<74>dade: é despois que
 consumimos un basete cada un, se impon silencio, de modo que naidia bochica, é
 entonces dase prencipio á aletura por un dosque compoñemos a socedade, que lee
 moy ben, é xastre, é digolle á bostede, meu amigo, que toda á cometiva
 apraude, é vendice os descursos de bostede á cal mellore. O outro dia (non teño
 presente á Capellada)⁸⁰ falou bostede de narangadas para os rrefrescos do seu
 20 Tirabeque (que tamén nos gusta moito cando non está malo) é que cando bostede
 queria arreglarlle á doses que habia de tomar todo se lle volvia, botar, botar, botar, é
 nunca selle enchia amedida hasta que se decatou que estaba rrota polo cú: eu non
 puuden menos de rrirme; pois sepa bostede, meu amigo, que nesta casa do señor
 Barreiro, amais en outra que está mais adiante na calle da Cordoneria donde vive
 25 ó Astoreano, que tamen ó ten de Baldeorras, se enchen tan pronto as medidas que
 és un pasmo.

Bostede fegurese que si cada un de nosoutros (falo dos qué compoñemos á
 rreunion) botamos á rracion do mariñeiro, que ven aser neto é medio, facemos
 deconta que botamos un neto. Non sabemos se pende nos basos (porque se
 30 equibocan co as copas da auga ardiente) ou se pende no dedo, el, ó certo hé que
 os dous tabarheiros, Barreiro, amais ó Astoreano estan rricos coma cochos é todo
 sale da medida: mala centella parta ós ladrós todos, que nà corte tamen os hay
 amais en grande: xá bostede me entende. Soprico poisa su Paternidade teña á
 bondade de enserter na sua Capellada esta <75> cartiña que eu lle mando para que
 35 todo ó mundo ó sepa a ver si se emendan que si o fan, eu llo abisarei a bostede.
 O porte do correo eu llo mandarey por outro conducto moy logo, pois non me
 atrebo afranquearlle à carta porque todos os do correo me coñocen: quen lle quere,
 é ber desea es su seguro serbedor Q. S. M. B.

MINGOS MARIÑO

⁷⁹ Así no impreso, quizais por *moi bo*.

⁸⁰ A situación a que aquí se fai referencia relatouse en “Tirabeque y su medida”, *Fr. Gerundio* 153 (18/6/1839), Capillada 153 (101 de Madrid), pp. 373-381, onde se insire un gravado.

As funcións e o papel que fai Tirabeque (8/10/1839)

“Las funciones, y el papel que hace Tirabeque”, *Fr. Gerundio* 185 (8/10/1839), pp. 37-40.

Iníciase este diálogo coa noticia das funcións con que en outubro de 1839 se ía festexar en Madrid a vitoria das tropas isabelinas sobre as carlistas no norte de España, selada o 31 de agosto anterior co abrazo de Vergara entre os xenerais Espartero e Maroto. Ora ben, estas funcións estábanse a organizar cando aínda resistía no Maestrazgo o xeneral carlista Ramón Cabrera, que só sería derrotado en maio de 1840. O texto en galego incrustase no diálogo para que o “corresponsal de la Coruña” relate para os lectores do *Fray Gerundio* as celebracións da vitoria isabelina na fronte do norte que se viviran naquela cidade e, así mesmo, para facer unha chamada ás últimas partidas carlistas de Galicia para que baixasen do monte e deixasen definitivamente as armas.

<37> LAS FUNCIONES, Y EL PAPEL QUE HACE TIRABEQUE

Señor, tengo gana de que haya funciones en Madrid aunque no sea mas que por ver la diferencia que hay de las funciones de la corte á las de los pueblos.— Pues pronto se cumplirán tus deseos, puesto que segun dicen, el ayuntamiento ha dis puesto hacer funciones públicas que parece principiarán el dia 10, cumpleaños de
5 nuestra Reina Doña Isabel II.

Pero digo yo, mi amo: estas funciones de ahora ¿con qué motivo son?— ¡Con qué motivo! Con el de la paz: ¿con qué motivo han de ser?— <38> Señor, ya que han tardado tanto en disponerlas, parecíame mejor que las dejáran para cuando se cerrára el portillo de Cabrera: y si son para celebrar los otros sucesos, paréceme
10 caldo un poco trasnochado.— Asi serán mejores, porque no se resentirán de la improvisacion.— Señor, mucho han celebrado los pueblos las primeras noticias de la paz; y si Dios quiere, como yo lo espero de su Divina Magestad, que se lleve luego el diablo á D. Ramon I, paréceme que se van á volver locos.— En efecto, Pe
legrin. Los mismos gallegos, que no son tan naturalmente bulliciosos como los
15 andaluces y los de otras provincias, las han celebrado con extraordinario júbilo. Y sinó mira cómo se esplica nuestro corresponsal de la Coruña, que se hallaba fuera accidentalmente cuando se recibió la noticia de tu salto.

«Eu asi que oín estoupar os cañons é os foguetes no aire, botey á andar para a Cruña. Entro por ela adiante.... chego á calle rayal.... ¿é cómo lle parecerá á sua
 20 Paternidade que vin as jentes? Vin que un-os facian cuchufretas à os outros, pro un-
 as cuchufretas tan embrujadas é tan risoteiras, que asemellaban muito as que eu
 lle facía á miña Pelonia cando andábamos nos namoricóques. Os Señoríños estaban
 en montons lendo ó Jerundo é rindo como descosidos con ó salto de voso falagueiro
 Tirabequiño: outros apretaban as mans, é estaban un pedazo dalle que dalle: outros
 25 <39> dábanse tales abrazos que parecían os rufians cando trebellan co as mozas. E
 á tudo isto ja andaban as jentes por outros sitios cantando é dando vivas é mais
 vivas é tirando foguetes é mais foguetes: eu tamen cantéy á ó uso da terra, é ó son
 da gaita grileira á siguiente copra.

Reveiráde, meus amigos,
 30 reveirade con pracer
 po la paz dos españoles,
 po las grorias de Isabel.

«Vaya, digolle á verdade, meu Padre Jerundo, que en aqueles dias esta Cruña
 parecíalle un formigueiro. Pro sobre todo, ó que mais admiraba era ver enfuciñar
 35 á os homes con homes, as mulleres con mulleres, estas co aqueles⁸¹ é aqueles con
 estas sin que nadie pujese mala cara, nin houbese ó mais pequeno arrempujamento,
 porque as veluntades iban todas encamiñadas à dar de couces á condenada da discordia.
 «Agora falta que as carabanas de jabalíns que andan por istos montes, mandadas
 po lo maldecido Frade Saturnino, cura de Freijo é demais gabilleiros, abran os
 40 ollos é deijen á vida que trae[n]⁸², que par Dios é ben esmendrellada. Eu acordei
 darlles un consello por escrito da siguiente maneira. «O Rey de quen érades cegos
 vasallos ja ó deixaron ó lado como á faltriqueira, é á vosoutros hanvos de poñer
 atrás como á culeiro do neno. Ídevos á Madril dreitiños como fusos; tirádevos á os
 45 pés da señora Nay da nosa Nena, é alí de todo co-<40> racion pedídelles perdon de
 todos os vosos delitos. Si tomades ó meu sano consello, verédes alí á nosa Nena
 sentadiña no colo da sua señora Nay, é verédes tamén como ela mesma (que é

⁸¹ Talvez *coaqueles*.

⁸² No impreso, *traeu*.

una señora muy amante) colle á maniña dreita da nosa perliña é lle dice: «vaya, SABELIÑA, perdonalles, é bótalles á tua inocente bendición.»

50 «E agora fágame á mercede, meu Reve[re]ndo⁸³ Padre, de poñer esta carta no seu Reportorio ou como se chama, é á sua Paternidade po lo parlado me perdone, é dandolle muitas memorias ó seu algeireiro Tirabequiño, dispoña de este su probe servidor que compreta saúde lle desea, é ó seu fino escapulario besa.»

55 Señor, muchas gracias por las memorias al gallego ese, pero tengo yo que decir otras cosas mas curiosas de otras provincias donde he tenido el honor de hacer el primer papel en las funciones.— Cuidado, Tirabeque, no te llenes de vanidad; y por ahora puedes suspenderlo, que ocasion nos darán las funciones de Madrid para que puedas decir cuanto te se ofrezca.

⁸³ No impreso, *Revendo*.

O que máis enche a boca (25/9/1840)

“Lo que mas llena la boca”, *Fr. Gerundio* 286 (25/9/1840), pp. 390-392.

Nestoutro texto en galego do madrileño *Fray Gerundio* deféndese e celébrase o pronunciamento do xeneral progresista Baldomero Espartero, que o converteu en rexente de España en 1840 e obrigou a María Cristina, nai de Isabel II e anterior rexente do reino, a marchar ao exilio.

<390> Lo que mas llena la boca.

Con esto solo entenderán mis gerundianos lectores que hablo de *Pamplona*. Allí tambien se hizo el pronunciamento en los mismos términos que en toda la nacion. Pero el hermano RIVERO recurrió igualmente al cachetero, y declaró la plaza en estado de sitio (cuyo bando, el original, el manuscrito, el firmado por él, el fijado en las esquinas, obra en la celda gerundiana) y apagó la *pronunciacion*, porque tenia muchas tropas con qué apagarla. ¡Sobre que algunos hombres se empeñan en dar á Fr. Gerundio que sentir! Dígolo porque á fé de verdadero amigo suyo sentiría que le sucediera lo que al general *Dimito*, ó al general *de la traidora*, ó al *conciudadano del Solar*, <391> que no encuentra ahora *solar* donde dar reposo á su *conciudadana* persona⁸⁴.

Y dígoselo tambien, porque si quiere saber el sentido en que está su ejército, no tiene mas que leer cómo se esplica con Tirabeque un amigo suyo del provincial de Mondoñedo desde Vergara. “Amijo mio (le dice); tan logo como os xefes recibiron a noticia do rebollicio de Madril dixeron: “non sea que Mondañedo se nos escape;” é correndo dan a orden que Mondañedo sea escagallado (1)⁸⁵; que as compañías de granadores é cazaderos marchen correndo á Irún: outras duas compañías mandáronas á Villafranca: outras duas estan en Oñates, é duas aquí; con que non dirás que non estamos ben escagallados: é ademais dísese entre os soldados que os chapelingorris teñen orden de espiarnos, é que á os xenerales de Alava é Viscaya foilles orden pra que tubesen muito ollo sobre nos, é que á o

⁸⁴ Refírese a persoas que se opuxeran ao pronunciamento do xeneral Espartero que tivo lugar no ano 1840, todas elas mencionadas e satirizadas nas páxinas anteriores deste mesmo número do *Fr. Gerundio*.

⁸⁵ (1) *Desparramado* en castellano [Nota do orixinal].

noso cronél Ribera queren botálo fora do rexi[m]ento⁸⁶ por projresista; é nós disimos: “si por iso botan fora o cronél, que nos boten á todos, pois nós todos somos como o cronél, é o cronél e como todos nós, é confesion de parte non necesita proba.” ¿E sabes ti, Pelengrin, porqué [e]⁸⁷ ista tirria con Mondañedo?

25 Porque che disimos muitas veces: “viva a Costitusion, é viva Esparteiro:” é porque o noso cronél sempre está co Esparteiro na boca. “Rapases, nos dise, teñamos fé en Esparteiro; e o mellor patrisio que témos; él ha de salvar a Costitusion que hemos xurado.” E os páxaros gordos de por acó non están por Esparteiro desde o re-<392>bullicio de Barcelona, é iso que as *faixas* é os *pendurallos* que traen no

30 peito á él llo deben. Eles pensan que solo Mondañedo e projresista é amigo de Esparteiro, é todos os reximentos que hay por acó son o mesmo ca Mondañedo, solo que o noso cronél e asi como Dios o déu, é fala aquilo que lle parese, é non se precata de ninguén; é en alguns dos outros reximentos haylle alguns dos mangarrios gordos (2)⁸⁸ que feden á cangrexo dúa léjoa, pero os soldados é os mangarrios fracos (3)⁸⁹, amijo Pelengrin, todos todos están po la Costitusion é por Esparteiro.”

Con que vea el hermano Rivero no le suceda con tales elementos lo que á los otros desventurados.

⁸⁶ No impreso, *rexigento*.

⁸⁷ No impreso lese un <a> invertido.

⁸⁸ (2) Los gefes [Nota do orixinal].

⁸⁹ (3) Los oficiales [Nota do orixinal].

[Antonio de la Iglesia]: “Cand’un home ten moitismas” (1840)


Este poema foi atribuído a Antonio de la Iglesia (1819-1892) por María Rosa Saurin de la Iglesia, quen ademais o exhumou recentemente (de la Iglesia 2005: 36-37). Consérvase entre os fondos da Real Academia Galega (C 98/37), nun manuscrito en que tamén se recolle a composición que transcribimos despois desta. Na nosa edición seguimos directamente o manuscrito.

<p><1> Cand’un home ten moitismas Dominguiño da’Spiñeyra á mamoria requentada voalle po la moleyra. 5 Esta falando con unha é anque el no no queira non sey como se describe ó diablo da fiteira. Por que solo polo nome 10 (esta e verdade ben certa) troc’a unha po la outra; antonces ¡he a desfeita! ¿Quen he esa Doloriñas Dominguiño da’Spiñeyra 15 que che roubou os sentidos: ¿he algunha costureira? Tantas como tes mauleyro non sabes cal he promeyra se Dolores se Juana 20 se Rosiña Camafeyta. A todas lle queres ben q’a tua palrr’á todo chega n’hay amor de mais abasto nin no ceo ni’na terra. 25 Anq’esteas atacado</p>	<p>como dijo Manöela ja se ve; non he milagre obrando d’esa maneyra. Disque tes mal de barriga 30 lovarant’á Sant’Eufemia pro ja’stas moy acabado co demontre da enchenta. Chupadiño’stás Minguíño ó mesmo q’unha’spadela 35 pro se te morreres logo deixarás a lista feita de todas cantas mulleres che deron vicos na testa, <2> que me parece non caben 40 no campo d’aló da feira. N’outro dia Don Antonio leunos unha historia enteyra e’nela fala q’os mouros metidos na sua terra 45 cada un facía vida con tres, catro ou cinco cèntas! todas juntas nun surrallo coma se foran ovellas. Tamen ti podes facer 50 unha bòa surralèyra</p>
--	--


é junt'as⁹⁰ tuas mociñas
e méteas a todas n'ela
que ëu mais logo morria
antes que dentro estivera.
55 Antonces non teñas medo
que se vayan a Negreyra
e fagan sudar os homes

enrabiandos'a jueza.
Non chamarás d'esta sorte
60 á Marica, Manöela
nin Farruca á Juliana,
nin Dolores á Vicenta.
—
Marzo de 1840

⁹⁰ Orixinalmente *junta as*, pero riscouse o *a* de *junta* e introduciuse un apóstrofo.



[Antonio María de la Iglesia] (1840): “Cand’un home ten moitismas”. [Manuscrito da Real Academia Galega]



[Antonio María de la Iglesia] (1840): "Cand'un home ten moitismas". [Manuscrito da Real Academia Galega]


[Antonio de la Iglesia]: “¡Ay, Espiñeyra, Espiñeyra!” (1840)

O poema foi dado a coñecer por María Rosa Saurin de la Iglesia (de la Iglesia 2005: 38), quen tamén llo atribuíu a Antonio de la Iglesia. Nosoutros transcribimos directamente do manuscrito da Real Academia Galega (C 98/37).

Ay Espiñeyra Espiñeyra
 case t'olvidas de min
 de quen te quere sen fin
 á pesar dos da monteyra.
 5 Nin unhas tristes mamorias
 par'a probe tecelana!
 vallame Santa Susana
 que cheiño'istas de gorias.
 Ja sey por quen m'olvidache
 10 non penses que non'o sey
 pro eu tamen che direy
 q'ollos por rabo trocache.
 Por q'he fea, non'o falo
 que ja sey que non'a he
 15 pró gardarache muita fe

es'he escusado pensalo.
 Demo d'Antroido, pollino!
 andas c'a tua cegueyra
 as sobras do de Negreyra
 20 d'un tolo salamanquino!
 Estou vendo q'unha ves
 descrobes'a marañada
 e baich'a fujir baldada
 do Coton a catro pes.
 25 Com'a coja se lle meta
 que lle andas con Ramon
 m'etelle no corazon
 ó rabo da sua moleta.

—————
 M[ar]zo 1840



[Antonio María de la Iglesia] (1840): "Ay Espiñeyra Espiñeyra". [Manuscrito da Real Academia Galega]

[Juan Manuel Pintos] (1842): “Meu Querido Pai”

Este poema, recentemente presentado por Hermida Gulías (2010) e mais por Xove Ferreiro (2009), avantaxa en case catro meses de antigüidade ao que ata hai pouco se tiña como o máis temperán do seu autor, o dirixido a Faustino Domínguez con motivo do seu casamento, que data do 13 de marzo de 1843 (cf. Xove Ferreiro 1999; Pintos Villar 2006: 21-22, 113-117; Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 468-470). A composición que deseguido editamos encóntrase entre o recto da páxina 15 e o verso da páxina 16 dun códice titulado *Poesias. Autógrafos* que hoxe se encontra no Archivo Histórico Nacional de Madrid (signatura 1052B)⁹¹. Este códice, xunto a outros cinco que están depositados na mesma institución arquivística (signaturas 1049B, 1050B, 1051B, 1053B e 1054B), contén materiais de diverso tipo que deberon de pertencer a Eugenio Reguera y Pardiñas. No poema que a seguir editamos, marcado por unha patente influencia do *Coloquio de 24 gallegos rústicos* do padre Sarmiento, nárrese as circunstancias que rodearon o nacemento do segundo fillo do autor (Basilio Aniceto), acontecido en Cambados o 17 de novembro de 1842. Coidamos que é digno de atención o feito de que Pintos sinta a necesidade de abrir a composición explicándolle ao seu pai, destinatario dela, a súa decisión de escribir o poema en galego, un idioma no que cre poder explicar ben “tod’os meus conceutos”. Latexa aquí xa unha idea que o autor desenvolverá unha e outra vez en obras posteriores: a de ser o galego un instrumento lingüístico apto para tratar todo tipo de temas en calquera dos rexistros posibles. Por outra parte, cremos que do que se di nestes primeiros versos semella inferirse, aínda que non se poida asegurar, que o castelán era a lingua en que falaba habitualmente Juan Manuel Pintos co seu pai, a quen lle pide que non “tome cabuxo / S’ô castellan deixo”.

⁹¹ Accesible no Portal de Archivos Españoles co título *Poesías varias en gallego y castellano* e co código “códices, l.1052”: <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas/servlets/Control_servlet?accion=4&txt_accion_origen=2&txt_id_desc_ud=2610194>.

<15r. a> Meu querido Pai
 Non s'azañe⁹² prego
 S'esta carta escribo
 Posta nestes versos:
 5 Nin tome cabuxo
 S'ò castellan deixo
 Por falar na fala
 Dos nosos galegos,
 Qu'inda nela podo
 10 Sin poñer un erro
 Espricar bem craro
 Tod'os meus conceutos.
 Pois Señor vera:
 N'este dia mesmo
 15 Dia dezasete
 Do mes de Novembro
 Mes de S. Martiño,
 Mes de lacoeiros,
 Eu fun [ò]⁹³ mercado
 20 Que se fai arreo
 Todas as semanas
 No vesíño pueblo

Que de Fefiñans
 Tem ô nome vello⁹⁴
 25 <15r. b> Ali venden millo
 Trigo è mais centeo
 Fabas è castañas
 Roupa è trapos vellos;
 Tamen venden louza
 30 De côr branco e prêto,
 Hai tendas do chan
 E tamen cubertos
 Con cousas do uso
 Todas a bon prezo⁹⁵.
 35 Hai forza de panos,
 Porcos, è carneiros,
 Liño, pan, pescado,
 Cravos, è prateiros.
 Mais non he mellor
 40 Nin he tan bô creio,
 Como ò que se fai
 Na Ciuda de Teucro
 Os sabados todos
 Que da gusto velo.

⁹² *Azañar*, variante ceceante de *asañar*, aparece tamén n'*A gaita gallega*: "Ninguén se *azaña* anque vexa que se colle máis ou menos, nin dice nadie «esto é meu» mentres que n'ó tén no cesto" (Pintos 1853: 156). Por outra parte, o trazado da segunda letra de *azañe* é o mesmo ca o doutros <z> que se len sen posible discusión no mesmo manuscrito.

⁹³ No manuscrito vese sobre este <o> un borrancho de tinta coroado por un punto, polo que non podemos saber se a vogal levaba un non un til por riba. Conxecturamos neste caso o uso do acento grave porque (agás nun caso dubidoso: ¿ò ou ô?) así é como se marca esta contracción no manuscrito cando non se opta por *ao*.

⁹⁴ O mercado que se celebraba no Eirado ou Praza de Fefiñans, aínda hoxe coñecida popularmente como Praza do Mercado, ten as súas orixes nas primeiras décadas do século xvii e mantívo-se ata 1946, cando foi trasladado á praza maior de Cambados.

⁹⁵ *prezo* corríxe un *precio* anterior.

- | | |
|--|---|
| <p>45 Ali dei tres voltas
como de recreo
Axiña ò deixei
Voltei para ò eido,
<15v. a> Porque me doian
50 Prendas que bem quero.
Puxenme ò traballo
Que de cote teño
De oir preiteantes
E fallar os preitos.
55 Polas tres da tarde
Xantei à desexo
C'o à miña muller⁹⁶[,]
Aurora⁹⁷, è a nena⁹⁸
Que a tiña a nai
60 Garimada ao peito
Anque con tra[v]allo⁹⁹,
No âr en suspenso
Porque tiña a probe
O regazo cheo.
65 Xa me daba o corpo
Algun¹⁰⁰ gran suceso
Vendo tan inchado
Corpo tan pequeno.
Con todo sahin
70 A dar un paseo</p> | <p>Volvendo à tardiña
Con algun recêo¹⁰¹.
Todo estaba ainda
<15v. b> Como dito deixo
75 Sin que serafina
Dese sinal certo.
Foi pasando anoite¹⁰²,
Ceamos contentos,
Fumos á dormire
80 cada hum ao seu leito.
Xa estaba eu de volta
No sono prendendo,
Cand'ela me chama
Verro tras de verro:
85 Nunca Dios me dera
Que chegache á tempo!
Poño os pes no chan,
Òs demais desperto,
Todo se prepara
90 Para aquel concerto,
Que escribir non basta,
E è preciso velo
Para calculare
O qu'as nais debemos;
95 E mais ainda mais
Para que esto vendo</p> |
|--|---|

⁹⁶ Serafina Amado Boulosa, con quen Pintos casara en Pontevedra en 1841.

⁹⁷ Talvez Aurora Amado, irmá de Serafina e cuñada de Pintos (Pintos Villar 2006: 55, en nota).

⁹⁸ Ángela Fausta, primoxénita do casal Pintos-Amado, nacida en 1841.

⁹⁹ A lectura é dubidosa. Parece que ao primeiro Pintos escribiu *traballo* e despois superpuxo un <v> sobre o (cf. *travallo* no verso 99). Mais tamén é certo que no verso 51 hai un *traballo*.

¹⁰⁰ Primeiro escribiu *algun*, con inicial minúscula, e logo corrixiu para *Algun*.

¹⁰¹ A lectura é dubidosa, talvez *recêo*.

¹⁰² O <a> leva un puntíño que podería ser un acento grave ou simplemente unha marca diacrítica.

As nosas mulleres
Subam os de prezo
<16r. a> Que, ê muito travallo
100 È dor mui doente
Botar á este mundo
Hum miniño inteiro.
Com'elas s'etrican,
Cómo¹⁰³ se escrequenan
105 Como dan gemidos
Choros è lamentos,
Como à côr do rostro
Toda van perdendo
È agre bocado
110 Qu'a calquer pon medo.
As doce da noite
D'este dia mesmo
Miña Serafina
En bem pouco tempo
115 Botou á este¹⁰⁴ mundo
Hum rapaz bem feito¹⁰⁵,
Todo feito lume
De color bermello.
Ancha testa è chea
120 A papada ò mesmo,
<16r. b> Brincandolle os ollos
E narices gegos.


Alegrouse à nai
Eu non puden menos
125 Dimos à Dios gracias
Por tan bom suceso.
D'aqui a poucos días
Que se erguera creo
Pois non è de casta
130 De mixiriqueiros.
Solo falta agora
Batear ò neno,
È levara ó nome
D'o avô paterno
135 Para qu'ò Pai quede
Bem posto no medio
D'estes dous Basilius
Que son seu recreo.
Nada mais lle digo
140 Saùde deseo
E que muitos anos
Vexa este seu neto
<16v. a> Nado en Cambados
Num-ha¹⁰⁶ carta feira
145 No ano de Cristo
Mil é oito centos
Mais corenta é dous
En tempo d'inverno.

¹⁰³ No manuscrito *Cóm'ò*, por erro.

¹⁰⁴ Talvez *a èste*.

¹⁰⁵ De nome Basilio Aniceto, o segundo fillo do casal Pintos-Amado.

¹⁰⁶ Primeiro escribiu *Numha* e logo introduciu un guionciño voado moi pequeno entre o <m> e o <h>.



[Juan Manuel Pintos] (1842): "Meu querido Pai". [Manuscrito autógrafa do Archivo Histórico Nacional de Madrid]


Porque me doían	Como dito deixó
Grandes que bens quero,	sin que senafina
Superme ó traballo	Deu mal ceato.
Que de cota teño	Foi pasando a noite,
De oír preitantes	ceamos contentos,
E fallar os prelos.	Sumos a dormire
Por la tres da tarde	cada hum ao seu leito,
Yantir á desexo	Na estaba eu de volta
C'ó a miña muller	Ho sono prindendo,
Aurora, e a nena	Cand'ela me chama
Que estira a nai	Verso tras de versos:
Gasimosa ao peito	Nunca Dios me deva
Argue con traballo	Que chegache á tempo!
Ho ár en suspense	Tomo os pes no chan,
Porque tina agraça	Os demais despesto,
O rogaro chico.	Todo se prepara
Na me daba o corpo	Para aquel concerto,
Algun gran vicio	Que cicibir non barta,
Vendo tan inchado	E é preciso veto
Corpo tan pequeno.	Para calculare
Con todo sabim	O qu'á nai bebemos;
A dar un parco	E mais ainda mais
Volvendo á tardina	Para que este vendo
Con algun récio.	As noias mulleres
Todo estaba aínda	Subamos de parco

[Juan Manuel Pintos] (1842): "Meu querido Pai". [Manuscrito autógrafo do Archivo Histórico Nacional de Madrid]

16

Que, è munto travallo Bincandolle or allos
 E dor mui doce e E varias regiões,
 Dotar a este mundo Alegrouse a nai
 Num minimo inteiro. Eu non pudeo menos
 Com'elas s'estrucan, Dizeo e diz gracias
 Comò se exerequenan Por tan bon suceso.
 Como dan gemidos D'agui a poucos dias
 Choros e lamentos, Que se exguera creio
 Como a Cordo roitas Pois non è de casta
 Foda van pensando De mupiriqueiros.
 E age boiado Solo falta agora
 Ni a calquer pon medo. Batear o neno,
 As doa da noite E levar a nome
 D'este dia mesmo De avô paterno
 Minha Serafina Para qu'è Paiguide
 En ben pouco tempo Deu porte no medio
 Dotar a este mundo D'estes doos Baubios
 Num rapar benfeito, Que son seu recado,
 Fodo feito luma Nada mais lle digo
 De color bermello. Saude de seo
 Ancha testa e chea E que muntos anos
 A yapada o mesmo, Vexa este seu neto

[Juan Manuel Pintos] (1842): "Meu querido Pai". [Manuscrito autógrafo do Archivo Histórico Nacional de Madrid]



[Juan Manuel Pintos] (1842): “Meu querido Pai”. [Manuscrito autógrafo do Archivo Histórico Nacional de Madrid]

Un galego apaixonado de Dona Caterina Mas Porcell (1843): “Anque che pasme, *Catuxa*”

No mes de febreiro de 1843 cantou na cidade da Coruña a soprano operística Caterina Mas i Porcell, que era daquela unha das artistas estelares do Gran Teatre del Liceu de Barcelona. A súa actuación provocou o entusiasmo dos que a oíron, de tal maneira que dona Caterina non soamente foi calorosamente ovacionada no teatro en que actuou, senón que tamén foi acompañada ata a súa residencia na Coruña en medio de grandes aclamacións. A ocasión suscitou a composición de diversos poemas laudatorios da soprano, entre os cales figurou un en galego que se deu a coñecer nun artigo que publicou o xornal barcelonés *El Constitucional* (7/4/1843, p. 3), no que se describiu o exitoso paso de Caterina Mas pola Coruña. Velaquí o dito poema.

<3b> UN GALLEGO APASIONADO
DE
DOÑA CATALINA MAS-PORCELL

<p>Anque che pasme, <i>Catuxa</i>, Tal modo de parolar; As de saber cos gallegos Tamen saben coprear.</p> <p>5 Porque aunque andamos vestidos Con sayo de estopa ou lán, Temos à alma tan ven posta, Como os que acô vesten frac. Temos os ollos na cara,</p> <p>10 Conque ó teu mérito achar; E ainda mais, si nos apuran, Oreallas para escoitar.</p>	<p>Porque todo ven á conta Pra te poder alabar; 15 Pois amais de ser garrida, A tua voz non ten igual. Siempre nos deixas atrónitos Quando che oimos cantar No Belisario ou Losia, 20 Que ó mesmo ten, tanto dá. As bágoas caen á anacos, E á arrentes á alma sal, E parésenos ca ó CEO Ti nos levas po la mau¹⁰⁷</p>
---	--

¹⁰⁷ *mau*, en efecto, é a forma que se le no impreso, talvez debido a un erro no proceso de composición na imprenta, xa que noutros versos do poema se le non soamente *chan* (v. 36), senón tamén diversas variantes propias do galego occidental.

25 ;E ha de haber vermes cativos
 Que teñan tal seguedá,
 Que do que vales se esquesan
 <3c> E che queiran mirmurar?
 Pois aunque estoupen de rabia,
30 Anche de ver levantar

Nos hombros de todo un PUEBLO,
Que entende à capasidá.
Porque eres, miña Xoiña,
Dina de esto e moito mais;
35 Porque para tí he a gloria
 Que ten ó ARTISTA no chan.

Juan Montero Telling (19/5/1844): “Rosa e Pascual”

No volume titulado *Papés d'emprenta condenada (I)* reproducimos a transcripción que deste relato en verso de Juan Montero Telling fixera Eugenio Carré Aldao na súa *Literatura gallega* de 1911 (cf. Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 496-498). No mesmo lugar indicamos que sabiamos que esta peza aparecera xa en novembro de 1844 no *Faro Industrial de La Habana*, unha publicación americana á que entón non logramos acceder. Afortunadamente, no presente volume podemos ofrecer a transcripción dunha publicación que é incluso uns meses anterior á do *Faro Industrial de La Habana*, pois incluíuse no número do 19 de maio de 1844 dunha cabeceira humorística madrileña chamada *La Risa, Enciclopedia de Estravagancias*: Juan Montero (1844): “Rosa y Pascual. Cuento gallego” en *La Risa, Enciclopedia de Estravagancias* 58 (19/5/1844), pp. 57-58. As variantes desta versión de maio de 1844 respecto da dada a coñecer por Carré Aldao en 1911 son as seguintes¹⁰⁸:

L. 1: ROSA Y PASCUAL. L. 2: Cuento. L. 3: Hey de contar. L. 4: dun. L. 5: Pascoal. L. 7: xúnta. L. 9: en que el [...] ma. L. 10: parezca. L. 11: é se cala. L. 13: xâ. L. 20: muy lexôs. L. 23: baixâban. L. 24: po los. L. 25: era por que. L. 26: enque. L. 28: abofé. L. 29: si [...] daquel. L. 30: foy tras deles vusté. L. 31: fuxiâ. L. 32: xâ. L. 33: Lo[u]reyro. L. 34: Vusté. L. 36: é [...] ferreyro. L. 41: xêito. L. 47: denge [...] jala. L. 49: panxôliñas. L. 50: m-importa. L. 54: xâ. L. 56: volba [...] Chabes. L. 59: merquei honte. L. 60: denge. L. 61: qui he, coma. L. 62: Neyra. L. 63: xâ. L. 65: te teño. L. 67: si. L. 68: po lo. L. 69: po lo dengiño. L. 70: oxé. L. 72: he certo. L. 73: te [...] Pascoal. L. 76: te falou. L. 77: corral. L. 78: dun. L. 80: Xâñeiro. L. 81: Don Monteiro. L. 82: honte. L. 84: xâ. L. 93: po la. L. 94: m-abrazaba. L. 96: xâ. L. 98: trayan. L. 99: votar. L. 100: henchinme. L. 101: cata. L. 103: dunha. L. 104: so[u]pen iva. L. 106: tópome. L. 107: cun fol. L. 108: com-un. L. 111: si. L. 112: biño. L. 117: coma si [...] cun. L. 118: xúez. L. 119: mais entonces. L. 124: d-haberse vustedes. L. 125: d-haber. L. 127: habian vido. L. 131: corral. L. 132: nengun deles quixêra. L. 136: mercez. L. 137: enjañe desta. L. 141: xúez. L. 145: xústiños. L. 149: daquel. L. 152: si. L. 154: Pascoal. L. 155: si non me. L. 157: dixome [...] marchou. L. 159: Faltan Coruña e a cruz que segue.

¹⁰⁸ As referencias de liña remiten ás dos *Papés d'emprenta condenada (I)* (Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 209-223). Non indicamos as variantes relacionadas coa puntuación, co uso de maiúsculas e minúsculas e coa acentuación.

La Risa, Enciclopedia de Estravagancias foi unha revista semanal da que saíron 75 números entre abril de 1843 e setembro de 1844. O seu director foi Wenceslao Ayguals de Izco (1801-1875), escritor e editor nacido en Castellón. *La Risa* deu certa acollida á diversidade lingüística de España. Así, o número 34 (3/12/1843) incluíu composicións en catalán, asturiano e andaluz. Outro texto asturiano (“Romance bable”) foi publicado tres meses antes da aparición de “Rosa e Pascual”, no número 44 (11/2/1844), pp.150-151.

Unha reedición deste texto, co mesmo gravado do augador, saíu publicada no seguinte volume: *Album de Momo. Coleccion de lo mas selecto que se publicó en La Risa ó sean composiciones jocosas en prosa y verso...* Madrid: Imprenta de D. Wenceslao Ayguals de Izco, 1847, pp. 433-435. A única diferenza que detectamos entre ambos os textos é esta: “*unha palabriña corta*” (1844) - “*un ha palabriña corta*” (1847).

<57a> ROSA Y PASCUAL.

Cuento gallego.

Hey de contar voto á tal	15	teñen ben tempo despois.
á historia dun meu paisano		Acolá na miña terra
que ten por nome Pascoal,		<57b> que está de Ourense pretiño
é á quen conocin antano		é non muy lexôs da serra,
5 aló xúnta Portugal.		andaban durante á guerra
E contareina na fala	20	<i>Guillade</i> é ó seu sobriño.
en que el mesmo ma contou;		Aló, vamos, non baixában
á quen lle parezca mala,		nin por Dios, nin po los Santos,
ou non escoita é se cala		mais era por que ventaban
10 ou di que non lle gustou.		que enque foran o[u]tros ¹⁰⁹ tantos
Atencion, pois, que xá empeza;	25	como porcos os mataban.
Caladiños como <i>bois</i> ,		De risa morro abofé
oyan todos ó que reza,		si m'acordo daquel dia
que de romperse á cabeza		que foy tras deles vusté....

¹⁰⁹ No impreso, *ontros*.

;cómo Guillade fuxiá!...
 ¡é se escapou!... xâ se ve.
 30 Unha tal Rosa Lo[u]reyro¹¹⁰...
 Vusté debe[u]¹¹¹ conocela...
 á filla do tio Cacheiro
 é sobriña do ferreyro
 do Pico[u]to¹¹²... pois; aquela.
 35 Gustoume, vamos; non era
 desgraciadiña á rapaza,
 que tiña unha cara fera;
 é do seu xêito é sua traza
 se enamorara calquera.
 40 Resolvinme á declarala
 ó meu cariño de cote,
 é de paso á regalala
 un mantelo de picote
 é un denge de toda jala.
 45 Topei con ela na horta,
 sin andar con panxôliñas,
 dixênlle: —*Moito m-importa*
que escoites acó, Rosiña,
unha palabriña corta.
 50 *Eu son un home de ben;*
é que te quero xâ ó sabes;
quéreme ti á min tamen,
é cando volba de Chabes;
casarémonos é amen.

55 <58a> *E aquí' tes este mantelo*
que merquei honte na feira,
é un denge con terzopelo
qui he, coma podes velo,
hirman do de Pepa Neyra.—
 60 —*Qué ti me queres xâ ó sei,*
contestoume moy pulida,
eu tamen te teño ley;
é ten por co[u]sa¹¹³ sabida
que si falo firma ó rey.
 65 *E gracias po lo mantelo*
é tamen po lo dengiño;
oxé mesmo vo[u]¹¹⁴ poñelo
en proba, podes creelo,
de qué he certo meu cariño.—
 70 ¿*Quén te dixera Pascoal*
que aquela mosquiña morta,
aquela que para mal
así te falou na horta,
fora ó que foi no corral?
 75 *Despois dun mesiño enteiro*
despedímonos na fonte;
era no mes de Xâñeiro...
¡que dia aquel Don Monteiro!...
Pareceme que foi honte.
 80 *Márcho por fin do lugare*
pensando na volta xâ,

¹¹⁰ No impreso, *Lonreyro*.

¹¹¹ No impreso, *deben*.

¹¹² No impreso, *Piconto*.

¹¹³ No impreso, *consa*.

¹¹⁴ No impreso, *von*. *Von* é variante de *vou* utilizada no galego, pero, dada a constante confusión de <n> por <u> que se observa neste impreso, cremos que se xustifica esta corrección de *von* pola moito máis frecuente variante *vou*.

ó que acontece[u]¹¹⁵ alá
 fora largo de contare...
 o[u]tro¹¹⁶ dia ó saberá.
 85 Seis meses eran pasados,
 é brincando de contento,
 con diñe[i]riño¹¹⁷ aforrado
 por facer ó casamento
 volvo á casa de contado.
 90 Pregunto po la Rosiña
 á meu pai que m-abrazaba;
 digolle vai á ser miña...
 é xâ me deu mala espiña
 ver que meu pai se calaba.
 95 Mando me trayan un neto
 que quero votar un trago,
 henchinme ben ó coletó,
 é despois, cata, ¿qué fago?
 sállome á buscala preto.
 100 Informeime dunha amiga,
 so[u]pen¹¹⁸ iva no Furriol (1)¹¹⁹,
 chego morto de fatiga
 é tópome... ¡unha barriga!...
 ¡Xesus!... Mais grande cun fol.
 105 Non sei com-un accidente
 non me de[u]¹²⁰ cando tal vin;

¡ampáreme San Clemente!...
 <58b> si non morrin de repente
 sin duda á ó biño ó debin.
 110 Vólvome á casa de pronto
 é de malísimo xêito,
 mais non parou aquí ó conto;
 á gran *tal*... púxôme pleito
 coma si dera cun tonto.
 115 Chamo[u]me¹²¹ ó xûez certo dia;
 mais entonces xâ meu pai
 me contára ó que sabia;
 pero á concencia ó que fail...
 inda asi me remordia.
 120 Soupen que pouco despois
 d-haberse vustedes ido
 á ó mes d-haber e[u]¹²² salido,
 Guillade, o[u]tros¹²³, é un tal Lois
 á ó meu lugar habian vido.
 125 Lois á Rosa conocera
 tempos atras por seu mal;
 non faltou quen os collera
 unha noite no corral
 cal nengun deles quixêra.
 130 Dixênlle, pois; —*Señor xuez*
non nego que fun aló;

¹¹⁵ No impreso, *acontecen*.

¹¹⁶ No impreso, *ontro*.

¹¹⁷ No impreso, *diñeriño*.

¹¹⁸ No impreso, *sonpen*.

¹¹⁹ (1) Lugar cercano [Nota do orixinal].

¹²⁰ No impreso, *den*.

¹²¹ No impreso, *Chamonme*.

¹²² No impreso, *en*.

¹²³ No impreso, *ontros*.

*pero escoite sua mercez
non se enjañe desta vez
que [ó]¹²⁴ queren ben por acó.—*
135 Contei logo sin reparo
canto acabo de contare,
é ó xûez por ser caso raro
decretou era mais claro
ó desembuche aguardare.
140 Sale[u]¹²⁵ á conta pintada:
á os catro meses xûstiños
desembuchou á taimada,
é so[u]peron¹²⁶ os veciños

que non me tocaba nada.
145 Libre xâ daquel mal paso,
vin é metinme aguadore;
na miña vida me caso
é aquí me ten por si acaso
me necesita señore.”
150 Asi Pascoal me falou,
si non me minte á memoria;
non ben ó conto acabou
dixome adios é marchou,
é aquí paz é despois gloria.

JUAN MONTERO

¹²⁴ No impreso, *é*.

¹²⁵ No impreso, *Salen*.

¹²⁶ No impreso, *sonperon*.

LA RISA,

ENCICLOPEDIA DE ESTRAVAGANCIAS.

ROSA Y PASCUAL.

Cuento gallego.



Hey de contar voto á tal
á historia dun meu paisano
que ten por nome Pascoal,
é á quen conocean antano
aló xúnta Portugal.

E contareina na fala
eu que el mesmo ma contou;
á quen lle parezca mala,
ou non escoita é se cola
ou di que non lle gustou.

Atencion, pois, que xá empeza:
Caladiños como bois,
oyan todos ó que reza,
que de romperse á cabeza
teñen ben tempo despois.
Acolá na miña terra

que está de Ourense pretiño
é non muy lexós da serra,
andaban durante á guerra
Guillade é ó seu sobriño.

Aló, vamos, non baixában
nis por Dios, nin po los Santos,
mais era por que ventaban
que enque foran outros tantos
como porcos os mataban.

De risa morro abofé
si m' acordo daquel dia
que foy tras deles vusté.....
¡cómo *Guillade* fuxiá!...
¡é se escapou!... xá se ve.

Unha tal Rosa Loureiro...
Vusté deben conecela...
á filla do tío Cacheiro
é sobriña do ferreyro
do Picoto... pois; aquela.

Gustoume, vamos; non era
desgraciadina á rapaza,
que tiña unha cara fera;
é do seu xéito é sua traza
se enamorara calquera.

Resolvíme á declarala
ó meu cariño de cote,
é de paso á regalala
un mantelo de picote
é un denge de toda jala.

Topei con ela na horta,
sin andar con panxoliñas,
dixéulle:—*Moito m-importa*
que escoites acé, *Rosiña*,
unha palabreira cortía.

Eu son un home de ben;
é que te quero xá ó sabe;
quéreme tí á min tamen,
é cando voiba de Chabaz;
casarémonos é amen.

Juan Montero (1844): "Rosa y Pascual. Cuento gallego", *La Risa, Enciclopedia de Estravagancias* 58 (19/5/1844), p. 57

*E aquí' tes este mantelo
que merquesi honte na feira,
é un denge con terzapelo
qui he, coma podes celo,
kírman do de Pepa Neyra. —*

*— Qué ti me queres xá ó sei,
contéstoume moy pulida,
eu tamen te teño ley;
é ten por conta sabida
que si falo firma ó rey.*

*E gracias po lo mantelo
é tamen po lo dengiño;
azé mesmo von poñelo
en proba, podes creola,
de qué he certo meu cariño. —*

*¿ Quén te dixera Pascoal
que aquela mosquiña morta,
aquela que para mal
así te falou na horta,
fora ó que foi no corral?*

*Despois dun mesiño enteiro
despedimono na fonte;
era no mes de Xáñeiro...
; que día aquel Don Manteiro!...
Pareceme que foi honte.*

*Márcho por fin do lugare
pensando na volta xá,
ó que acontecen alá
fora largo de contare...
ontro día ó saberá.*

*Seis meses eran pasados,
é brincando de contento,
con diñeriño aforrado
por facer ó casamento
volvo á casa de contado.*

*Pregunto po la Rosiña
á meu pai que m-abrazaba;
dígolle vai á ser miña...
é xá me deu mala espíña
ver que meu pai se calaba.*

*Mando me trayan un meto
que quero votar un trago,
benchíame ben ó coeto,
é despois, cata, ¿ qué fago?
sállome á busca de preto.*

*Informeime dunha amiga,
soepen íva no Furríol (1),
chego morto de fatiga
é tópome... ; unha barriga!...
; Xesus!... Mais grande cun fol.*

*Non sei com-un accidente
non me den cando tal vin;
; ampárense San Clemente!...*

*si non morrin de repente
sin duda á ó biño ó debia.*

*Volvome á casa de pronto
é de malísimo xéito,
mais non parou aquí ó conto;
á gran tal... púsóme pleito
coma si dera cun tonto.*

*Chamoume ó xéiz certo día;
mais entonces xá meu pai
me contára ó que sabía;
pero á conciencia ó que fai!...
inda así me remordia.*

*Soepen que pouco despois
d-haberse vustedes ido
á ó mes d-haber en salido,
Guillade, ontros, é un tal Lois
á ó meu lugar habian vido.*

*Lois á Rosa conoecera
tempus atras por seu mal;
non faltou quen os collera
unha noite no corral
cal nengun deles quixéra.*

*Dixélle, pois;— Señor xuez
non nego que fun aló;
pero escote aux merez
non se enjante desta vez
que é queren ben por acá. —*

*Contei logo sin reparo
canto acabo de cantare,
é ó xéiz por ser caso raro
decretou era mais claro.
ó desembuche aguardare.*

*Salen á conta pintada:
á os catro meses xústiños
desembuchou á taimada,
é sonperon os venciños
que non me tocaba nada.*

*Líbre xá daquel mal paso,
vin é metínme agudore;
na miña vida me caso:
é aquí me tra por si acaso
me necesita señore.»*

*Así Pascoal me falou,
si non me minte á memoria;
non ben ó conto acabou
díxome adiós é marchou,
é aquí paz é despois gloria.*

JUAN MONTERO.

YO TAMBIEN.

Puesto en LA RISA escribió
cuanto hay de bueno en España
quiero escribir ; y es haraña !
tambien en LA RISA yo.

(1) Lugar cercano.

Frases, proverbios e versos soltos

Conto (6/6/1814)

“Cuento”, *Atalaya de la Mancha en Madrid* 66 (6/6/1814), pp. 542.

<542> *Cuento.*

Decía continuamente un compadre á otro, que siempre que le hiciese falta algo, no molestase á nadie sino á él. Pareciendo al primero que los tales ofrecimientos eran *italianos*, por probarle, viéndole pasar por su puerta, le dixo: “Compadre, me hace falta un doblon:” le responde: “lo siento, compadre, si fuera ayer, no solo eso, sino lo que quisiese.” Llama aquel á su muger, y le dice en gallego: *Ay Catrina, Catrina, bayxa un dobron, que meu compadre Quintana volveu casaca.*

Glorias e traballos particulares (18/9/1840)

“Glorias y trabajos particulares de algunos pueblos en esta crisis”, *Fray Gerundio* 284 (18/9/1840), pp. 362-364. Neste artigo dáse conta, humoristicamente, das reaccións que viven diversas localidades españolas, entre elas a cidade da Coruña, no contexto da rebelión progresista que había de levar o xeneral Espartero á rexencia do Reino. Coidamos que o xeneral Sanz aquí aludido é o carlista Pablo Sanz y Baeza (1801-1839), axudante de Zumalacárregui na primeira guerra carlista que foi executado en Estella o 18 de febreiro de 1839.

<363> *Coruña.* El gallego ó se pone á ello ó no se pone. Habíala declarado Sanz en estado de sitio; pero se levantaron los gallegos de mal humor, constituyéronse en junta, y botaron fora o demo cativo do xeneral sitiador.

Revista Nacional (17/3/1842)

“Revista Nacional”, *La posdata* (17/3/1842), pp. 2-3. Nun repaso informativo da actualidade española feito nesta folla solta madrileña recóllese unha noticia remitida o 12 de marzo desde Pontevedra. Denúnciase nela a imposición policial de pagamento dun salvoconduto para cruzar libremente a ponte de acceso á cidade,

un abuso que provoca a protesta dos labradores das parroquias veciñas que se ven obrigados a transitar por esa ponte. Na nova aparecen recollidas as palabras en galego dos ditos labradores:

<3 a> “*todos os tempos son ne[g]r[o]s*¹²⁷, *aquí volven de novo á parecer ás cartas de segurid[ad]e*¹²⁸, *é co adiferencia que aquelas solo nos costaban dous reas por ano, é estas costan tres. ¡Cando chegará aquel día que nos vejamos libres de ladroeiras!*”

Variedades (19/3/1842)

“Variedades”, *El Católico* 749 (19/3/1842), pp. 621-624. Neste número deste xornal madrileño relátase un suceso supostamente acaecido nas montañas de Ordes do que se extrae a ensinanza piadosa que se explicita ao final.

<621 b> De *Ordenes* (Galicia) nos escriben lo que sigue:
 Dios obra de muchas maneras para retraer al pecador del camino de la perdicion: le castiga algunas veces inmediatamente que cae en la culpa, como sucedió á un pobre labrador de la parroquia de.... arzobis<622 a>pado de Santiago, por hacer irrision de lo mas santo y augusto de nuestra sacrosanta Religion. Es como sigue.—
 5 Un presbitero fue á asistir á bien morir á una enferma, y despues que entregó su alma al Criador regresando para su casa, halló en el camino al referido labrador llamado J..... G..... con su muger J..... V..... y C..... R..... á quienes saludó y ellos le preguntaron por la enferma, respondió que habia muerto. Tomó la palabra el labrador y le dij[o]¹²⁹ al sacerdote: “ho que quer V. he que morran para ganar
 10 pesetas.” El presbitero le contestó: “el que sirve al altar del altar se ha de mantener.” El labrador imbuido en las máximas que esparcian los que hacian la guerra en estas montañas, principió á vomitar el veneno que habia oido. Entre mil blasfemias, heregias y disparates dijo en su lengua nativa: “en morrendo con fala hei de avisar que non gasten di[ñ]eiro¹³⁰ en misas, porque si está de Dios que hei de ir para ho

¹²⁷ No impreso, *ners*.

¹²⁸ No impreso, *seguridadade*.

¹²⁹ No impreso, *dijó*.

¹³⁰ No impreso, *dineiro*.

15 inferno hase de cumplir; si para el cielo lo mismo; y asi ¿para qué misas nin
confesion? Todo esto he invencion dos curas.” Escandalizó á su misma muger y á
otros que llegaron y le reprendieron: “cala home que non sabes ho que dices, acaso
teras que confesarte de aqui á poucos días he morrerás, he estando [n]¹³¹
purgatorio estimarás que roguen á Dios por ti.” Les dijo el buen hombre: “con este
20 señor non me hei de confesar porque he un rapaz que aun naceu onte:” le
contestaron “que aunque era jóven tenia la potestad de los viejos, y asi que no
dijese semejantes disparates, que podia suceder necesitarlo mañana ó esta noche.”
El presbitero despues de reprender agriamente al referido J..... G..... dijo airado:
“que si lo habia de necesitar aquella noche para la confesion que fuese en aquel
25 instante para su escarmiento.” Se despidió la buena obeja con su muger, y apenas se
separó cien pasos del sacerdote, cuando se oye lamentar dirigiéndose hácia el
presbitero con la monterilla en la mano diciendo estas palabras: “ay que morro, ay
que morro.” Al sonido de los ayes se reunieron los vecinos en número de veinte ó
treinta. El sacerdote se acercó al doliente y le preguntó qué tenia, y le dijo: “morro
30 señor, porque me bay á salir para fora ho corazon.” Siguió con sus ayes clamando á
la Virgen Santísima del Cármen le valiese, y pidiendo que le trajesen agua fresca que
estaba ardiendo. Los circunstantes puestos de rodillas á la voz del sacerdote, rogaron
á la Madre de Dios por aquel hombre; pero cada vez empeoraba y decia: “á Dios meus
fillos, que morro sin veros, porque Dios ahora non quer perdonarme.” Viendo los
35 circunstantes y el sacerdote que no se mejoraba le amonestaron á la confesion,
y á fuerza de súplicas la hizo postrado á los pies del presbitero, pidiendo en el
ínterin los astantes á Dios misericordia; y lo mismo fue acabarse las palabras
de la absolucion que recobrar la salud. Quedaron todos admirados, y él
aconsejó á los que le vieron que jamas hiciesen burla de los preceptos divinos.
40 Caminó para su casa despues de darle infinitas gracias al sacerdote, en donde vive
cristianamente. Esto bien pudo suceder segun el orden natural; pero á serlo, parece
que lamisma na-
<622b>turalza obra de un Dios quiso castigar al que ofendia á su autor.
Espero que V, Sr. redactor del CATÓLICO, le dé cabida en su periódico, de lo que
quedaré eternamente agradecido su S. S. Q. B. S. M.—J. I. C.

¹³¹ No impreso, *ho*.

la del martirio en que habria vivido; y al que no habria podido resistir su amante corazón, si hubiese sido testigo de la pasión de Jesús. ¡Oh! José! hubieras muerto mil veces si hubieras visto padecer á su adorado Jesús, y este Señor por evitarle estas atroces penas, nada necesarias por otra parte, le envió sin dudar al limbo antes que empezase la tragedia de su sagrada pasión.

El humilde para, el tan honesto como noble hijo de David, José, el bello ideal de la grandiosa humani verdadera, el modelo de la nobleza virtuosa murió, si morir puede llamarse el salir de este valle de lágrimas y de miserias, y el entrar en una eternidad de delicias y de placeres sin mezcla de sinsalor. Jesús y María acompañaron su tránsito, su humildad mereció que Jesús estuviese á su cabeza, y su piedad el que María le enseñase al espirar las mansiones de la bienaventuranza que el Salvador iba á abrir á todos dentro de poco. Nada hubo en aquella muerte de aquel terrible agonizar, de aquel desamparo desolador que se nota en el lecho de los moribundos comunes; si alguna pena, si algún dolor amargaba los últimos instantes del glorioso José, era porque se separaba de los ojos de su amor, de Jesús y de María; á quienes dejaba en el mundo. Pero tenía la conciencia de que habia hallado gracia ante su Señor, el mismo Salvador le instruíra de lo poco que habia de durar esta separación; y como por otra parte era tan humilde como hemos visto, su dolor se mitigaba, desaparecía, porque se conformaba con las disposiciones del Altísimo, y cual en vida habia sido siempre y enteramente á su voluntad. Me atreveré á decirlo. Por este medio creo que el morir para José, fue lo que, si Adán se hubiera pecado, habria sido para sus hijos el ser trasladados del Eden de este mundo al Paraíso eterno. Dicha sobre dicha, y nada de pena y dolor. Pero esta es conjeturar aunque con fundamento; lo que es cierto y seguro, que José en vida y en muerte, en este y en el otro mundo, encontró gracia ante su Señor; y así como fue el modelo de la nobleza, fue y es el maestro de la humildad.—M. A.

lidos mas magestosos, dictados mas sublimes y que incluyan elogios mas significativos: todo cae á los angustios sobre-nombres de esposo de María y padre de Jesús. En vista de esto no habrá inconveniente en afirmar que ninguno como José ha nacido sobre la tierra. *Nemo talis est in terra.— ut Joseph.* (Eclesiástico, cap. 49).

Guacilla devota de la corte.

DIA 20. Se celebraron los divinos oficios propios de este día en la capilla Real, san Isidro, parroquia, iglesia de Italianos, Cárcen calado, san Francisco, san Antonio del Prado; algunos conventos de religiosas y oratorios del Caballero de Gracia y Calleses.—Por la tarde habrá ejercicios en las iglesias siguientes; y predicarán: en el oratorio del Caballero de Gracia, D. Juan Francisco (García); en las Serritas, D. José José Moreno; en san Millán, el P. Benito Rosera; en las Arrepentidas, D. Everisto Loboledo; en santa Cruz, D. Miguel Arias; en san Francisco, D. Nicolás Señora; en san Cayetano, D. Miguel Santos Gomez; en el Rosario, D. Santiago Gutiérrez, y en san Ildefonso, D. José Fernandez Londo.—Se harán procesiones: del Santo Cristo del Peñón, en el Hospital del Lignum Crucis, en san Francisco; y de Ntra Señ. de los Dolores, en las Serritas.—En los oratorios del Hospital Santo y Olivar, por la tarde, y en la bóveda de san Ginés por la noche, se practicarán los expiativos ejercicios de instituto.—Se visitarán las Cruces en san Cayetano, Caballero de Gracia, italiano, san José, san Juan de Dios y otros templos.—En la iglesia de la Pasión también se visitarán las cruces por la tarde y al amanecer se rezará el rosario, seguirá el sermón que predicará D. Juan Lab y se concluya con el *Stabat Mater*.—La misa y oficio divinos son de la Dominica de Ramos, con rito semejable de primera clase y color morado.

ADVERTENCIAS.

- Primera. En la misa solemn de este día se leerá el Evangelio último de san Juan *In principio*, y en las misas particulares el de san Mateo *Con appropriateas*.
Segunda. No se rezaran en el coro en toda la semana Santa los oficios parvos de Ntra. Señ. y de difuntos, ni tampoco los salmos graduales en penitenciales.
Tercera. Se suspende el jubileo de Cuarenta Horas los siete días de la dicha semana.—M. B.

DIARIO CRISTIANO.

SANTOS DEL DIA. San José, esposo de nuestra Señora.—Salido es que este incomparable varon fue natural de Jades, y que perteneció á la tribu de Judá y á la real casa de David. San Mateo prueba su descendencia por Salomon, y San Lucas la deriva por Natán. Pero no se cifra en esta digna prosapia su mérito: este consiste precisamente en haber sido destinado para esposo de María y padre de Jesús, y no se puede decir mas. Busquéisne títulos mas llenos, ape-

VARIEDADES.

De Ordenes (Galicia) nos escriben lo que sigue: Dios obra de muchas maneras para retraer al pecador del camino de la perdición: le castiga algunas veces inmediatamente que cae en la culpa, como sucedió á un pobre labrador de la parroquia de... arzobis-

“Variedades”, *El Católico* 749 (19/3/1842), p. 621

Neira (2/7/1843): “Unha noite en Camariñas”

A. Neira: “Una noche en Camariñas”, *El anfion matritense, periódico filarmónico, poético y pintoresco de la Asociacion Musical* 26 (2/7/1843), pp. 203-204. Os textos foron novamente editados por Blanco (1992: I, 146-147).

<204 a> Prende, salgueiriño, prende
No medio de aquela braña,
<204 b>Tamen prenden os meus ollos
No corazon de unha dama.

—
A tua color se volva
O galon de meu sombreiro
Que tan cedo me o[l]vidaches¹³²
Para ser ó amor primeiro.

—
A luna vai encuberta
Con un pano de tafetan
Olliños que ben me queren
Nesta terra non están

—
Cada vez que voy á a misa
E che vexo persinar,
Os ollos poño en ti
E ó coraz[o]n¹³³ no altar.

¹³² No impreso, *oividaches*.

¹³³ No impreso, *coraz-n*.

Carta en castrapo do segador Antonio Salgueiro Foucíños a *Fray Gerundio* (18/6/1839)

Fr. Gerundio 161 (18/6/1839), Capillada 153 (101 de Madrid), pp. 382-384. O Carramolino citado no texto é Juan Martín Carramolino (1805-1881), ministro da Gobernación durante a rexencia de María Cristina de Borbón que se significou pola súa hostilidade cos progresistas. Na liña de portas abertas a todo tipo de personaxes populares que quixesen dirixirse nas súas propias linguas ou cos seus propios xeitos populares de falar á redacción do periódico, o *Fray Gerundio* dálle entrada aquí a unha suposta carta enviada desde a provincia de Lugo polo maioral dunha cuadrilla de segadores. O maioral, pouco versado na lingua dos libros, dos xornais e das leis, escribe nun “chapurrado” que non é “ni bien castellano ni bien gallego”.

<382> En cuanto á la siega de empleados que anunció mi sagrada pluma con fecha
28 de mayo, <383> va tan en auge que ya la hoz de Carramolino tiene fama entre
los segadores de Galicia, como verán vds. por la siguiente carta que por el correo
del sábado último recibí mi Paternidad, fechada en un pueblo de la provincia de
5 Lugo y escrita en chapurrado, ni bien castellano ni bien gallego, por un mayoral de
cuadrilla de los que todos los años bajan á segar á los llanos de Castilla.
“Reverendísimu padre nuestro: sei que se ha descubridu en esa de Madril una hoze
para segáre que hanme dichu que asombra lo muchu que tira en pocu tiempu:
cháma[n]le¹³⁴ según me han informau á ese operariu un tal de *Carromoulinu*: y
10 como vustéde sei que de todo sabe dar razon, estimaréile se aboque junto de ese
obreru y le diga de parte del mayoral Antonio Salgeiro y Foucíños bien conocido en
la tierra llana, y que tamien segou en Campazas su lugare el año de treinta y dos
cuando Fernandu estubo para espirriare la primera vez, que si quiere ajustarse en la
mi cuadrilla para la próxima sieja, daréille medio real sobre los outros peones, que
15 no es pocu pa unos tiempus tan escasus y tan ruines como estos de hoxe, hasta que
tenga las noticias que tengu de lo bien que apaña que sei que non deixa una caña
por una bendicion de Dios pa las espigadeiras. Axústele vustede en mi nombre y

¹³⁴ No impreso, *chámaule*.

- escribame á correu tiradu si puedo contare ó non puedo contare con el tal de Carro
mouolino pa en caso de la afirmativa ahorrarme un obreru aunque me cueste
20 añidirlle otro mediu real por dia y una conquiña mais de lo tintu á la noche. Que si
le aco<384>moda el tratu, que salga á tropezarme á la Bañeza allá al redor de S.
Juan, que yo aunque gallegu me precio de cumplir una palabra mejor que un
ministru. Disimule el enfadu, Padre nuestro, y con la misma puede mandar lo que
sea de su justo á su servidor y amigu. *Antonio.*”
- 25 Con que caten vds. á Fr. Gerundio comisionado por un gallego para ajustar á un
ministro en clase de peon de cuadrilla para la siega del próximo verano. Miren vds.
si tiene ya fama la hoz de Carramolino; no; y la tiene con justicia, eso es otra cosa.
Yo cumplo con notificarle las condiciones del trato; si le acomodan, no tiene mas
que dar razon en la celda gerundiana, y se escribirá al mayoral lo competente. Es
30 cuanto puedo hacer en obsequio de un gallego y de un segador de la Gobernacion
de la peninsula.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO, D. (1992): *A poesía popular en Galicia. 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica*, 2 vols. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- HERMIDA GULÍAS, C. (2010): “O primeiro poema en galego (1842) de Xoán Manuel Pintos Villar”, *A Trabe de Ouro* 82, pp. 119-123.
- IGLESIA, A. DE LA (2005): *Poesías*. Edición, limiar e notas de M. R. Saurin de la Iglesia. A Coruña: Real Academia Galega.
- LÓPEZ GARCÍA, X. / H. MONTEAGUDO (2008): “Limiar”, in R. Mariño Paz / X. R. Barreiro Fernández / R. Aneiros Díaz: *Papés d’emprensa condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introductorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 7-14.
- MARIÑO PAZ, R. / X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ / R. ANEIROS DÍAZ (2008): *Papés d’emprensa condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introductorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- PINTOS, J. M. (1853): *A Gaita Gallega tocada po lo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda mais*. Pontevedra: Imprenta de José y Primitivo Vilas.
- PINTOS VILLAR, X. M. (2006): *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar*. Introducción, edición, notas e apéndice de M^a C. Ríos Panisse. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- XOVE FERREIRO, X. (1999): “O primeiro texto coñecido de Juan Manuel Pintos”, in M^a Teresa García-Sabell Tormo et alii: *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 731-740.
- XOVE FERREIRO, X. (2009): “Un texto inédito de 1842 de Juan Manuel Pintos”, *Boletín da Real Academia Galega* 370, pp. 253-275.